

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5744 *Lei 9/2015, do 25 de maio, de medidas urxentes en materia concursal.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A Lei 17/2014, do 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial, flexibilizou o réxime dos convenios preconcursais de acordo con algunhas premisas básicas. A primeira delas é considerar que a continuidade das empresas economicamente viables é beneficiosa non só para as propias empresas, senón para a economía en xeral e, moi en especial, para o mantemento do emprego. A segunda das premisas era acomodar o privilexio xurídico á realidade económica subxacente, pois moitas veces o recoñecemento de privilexios carentes de fundamento era o obstáculo principal dos acordos preconcursais. A terceira das premisas era respectar na maior medida posible a natureza xurídica das garantías reais (pero sempre, e tomando en conta a segunda premisa, de acordo co seu verdadeiro valor económico).

Esta lei aborda a extensión das premisas anteriores ao propio convenio concursal.

II

Ademais do anterior, adóptase unha serie de medidas para flexibilizar a transmisión do negocio do concursado ou dalgunha das súas ramas de actividade, xa que na actualidade existen algunhas trabas que, ben durante a tramitación do proceso concursal ben cando a liquidación do concursado sexa inevitable, están dificultando a súa venda.

Desde esta perspectiva, as modificacións que se introducen nesta materia teñen, en última instancia, a mesma finalidade que as relativas ao convenio concursal: facilitar na maior medida posible a continuación da actividade empresarial, o cal debe redundar non só en beneficio da propia empresa, senón tamén dos seus empregados e acredores e da economía en xeral.

III

A parte dispositiva desta lei consta dun único artigo, dividido pola súa vez en catro números, en cuxa virtude se modifican varios preceptos da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal (en diante, Lei concursal), relativos ao convenio concursal, á fase de liquidación, á cualificación do concurso, ao acordo extraxudicial de pagamentos e aos acordos de refinanciamento, así como a outros preceptos da mesma lei relacionados cos ditos aspectos.

Respecto ao convenio concursal introdúcense, en primeiro lugar, previsións análogas ás da disposición adicional cuarta da Lei concursal (en redacción dada pola Lei 17/2014) relativas á valoración das garantías sobre as cales recae o privilexio especial. Para iso modifícanse os artigos 90 e 94 da Lei concursal.

Deste modo séguese mantendo un principio que parece non só o máis razoable desde o punto de vista económico senón que tamén é unha síntese das regras vixentes no noso dereito acerca da purga das garantías posteriores, do mantemento das preferentes e da atribución do eventual sobranse en caso de execución por parte dalgún dos titulares de garantías reais. Parece, en efecto, difícil cuestionar que para obter o verdadeiro valor dunha garantía é necesario deducir do valor razoable do ben sobre o cal esta recae o importe dos créditos pendentes que gocen de garantía preferente sobre o mesmo ben. Tamén parece unha regra de prudencia reducir o dito valor razoable nun dez por cento por canto a garantía, de se facer efectiva, requirirá a execución do ben ou dereito sobre o cal estea constituída, o cal entraña uns custos e dilacións que reducen o valor da garantía en, ao menos, tal porcentaxe.

Pénsese que, de non se adoptar unha medida como a presente, resulta que os créditos privilexiados se poden multiplicar «ad infinitum» cando a súa garantía recae sobre un mesmo ben, sen que o valor dese ben se vexa en absoluto incrementado. Por poñer un exemplo práctico, hoxe por hoxe é posible ter cinco hipotecas de 100 sobre un ben que vale 100, chegando así ao absurdo de ter un pasivo privilexiado para efectos concursais por 500 garantidos por un ben que vale 100. Non se debe esquecer, por outro lado, que un dos principios que debe necesariamente rexer o concurso é o de «pars conditio creditorum» e que a extensión indefinida dos privilexios é unha contradición evidente dese principio. Ademais, o resultado práctico é que os acredores que se benefician desas garantías unicamente terán un dereito de abstención que en nada beneficiará o convenio e a continuidade da empresa e que, en ningún caso, garantirá o cobramento efectivo da súa débeda, menos aínda se o concursado debe ir a liquidación. Téñase en conta que, en caso de liquidación ou incluso de execución singular do ben hipotecado, o acredor recibirá, como moito, o valor da garantía. Do resto de crédito non cuberto pola garantía non cobrará máis que aquela parte que quedase indemne no convenio, aínda que moi probablemente menos nun contexto de liquidación e non de empresa en funcionamento.

Tampouco pode considerarse que a determinación do valor da garantía sexa un recorte do crédito garantido. É simplemente unha valoración diferenciada do dereito principal e do dereito accesorio. Non se pon en cuestión o dereito principal, senón que se permite aclarar que parte del se beneficiará do dereito accesorio e cal non, debendo, na segunda, recibir o mesmo trato que corresponda ao crédito segundo a súa natureza.

En segundo lugar, outra modificación relevante en materia de convenios concursais é a ampliación do quórum da xunta de acredores, pola cal se atribúe dereito de voto a algúns acredores que ata agora non o tiñan. Se as medidas adoptadas en materia de valoración de garantías deben conducir xa en por si á ampliación de tal quórum, tamén deberán facelo as medidas que recoñecen dereito de voto en xeral aos acredores que adquirisen os seus dereitos de crédito con posterioridade á declaración de concurso, exceptuando sempre os que teñan unha vinculación especial co debedor. Ata agora só se lles recoñecía dereito de voto cando a adquisición fose a título universal, como consecuencia dunha realización forzosa ou, a partir de 2012, cando se tratase de entidades financeiras suxeitas a supervisión.

A prevención que existía anteriormente respecto a estes acredores é que a dita adquisición podía esconder algún tipo de fraude que se quería desincentivar mediante a privación do dereito de voto. Pero a fraude non pode estar en adquirir algo, neste caso un dereito de crédito, a un prezo menor que aquel polo cal se pretenda vender ou realizar, posto que isto é, ao fin e ao cabo, o propio da actividade económica de mercado. O verdadeiro problema estriba en que o adquirente se concertase co debedor para defraudar o resto de acredores. Por iso, refórmase non soamente o artigo 122, senón tamén o 93, para facer unha listaxe máis ampla de persoas especialmente vinculadas co debedor que, por esta razón, terán a condición de acredores subordinados e carecerán, en consecuencia, de voto na xunta de acredores.

Atribuír dereito de voto aos acredores que adquiran os seus créditos con posterioridade á declaración de concurso ten un efecto adicional que se debe reputar beneficioso para o resto de acredores: fomentar a existencia dun mercado dos ditos créditos que lles permita

obter liquidez, nunha situación de concurso do seu debedor, sen ter que esperar á liquidación final. Será o propio acreedor cedente o que valore se o sacrificio ou desconto exigido para iso é aceptable e será o acreedor cedido, habitualmente especializado neste tipo de adquisicións, o que sufra o risco que a adquisición e subseguinte tramitación do concurso implican.

En terceiro lugar, introdúcese determinadas previsións adicionais respecto aos efectos do convenio no artigo 100. Ao igual que se fai na disposición adicional cuarta, sinalase que os acordos de aumento de capital requiridos cando se trate de capitalización se adoptarán coas mesmas maiorías previstas na dita disposición adicional. Tamén se efectúa unha remisión ao réxime xeral de transmisión de unidades produtivas ao disposto nos artigos 146 bis e 149, o que implica, con determinadas excepcións, a súa adquisición libre de obrigacións preexistentes impagadas. Ademais, facilítase a cesión en pagamento de bens con determinadas cautelas destinadas a evitar comportamentos fraudulentos.

O cuarto aspecto das modificacións dos convenios concursais refírese ás votacións e maiorías no convenio e á ampliación da capacidade de arrastre dos acredores disidentes en determinadas circunstancias. Levántase a limitación xeral que con anterioridade existía para os efectos do convenio (quitacións do 50 por cento e esperas de cinco anos) pero para superar tales límites exíxese unha maioría reforzada do 65 por cento. Introdúcese, igualmente, a regra xa aprobada respecto aos convenios preconcursais no referente ás maiorías máximas exixibles para os pactos de sindicación, que será do 75 por cento (artigo 121.4).

E, finalmente, introdúcese unha previsión innovadora (novo artigo 134.3), que tamén ten precedente na Lei 17/2014, sobre a posibilidade de arrastre de determinados créditos con privilexio xeral ou especial, incluso na parte cuberta polo valor da garantía. Aínda que para iso se exige un dobre requisito: ademais dunhas maiorías aínda máis reforzadas, que o acordo sexa adoptado por acredores da mesma clase, introducíndose por primeira vez no noso ámbito concursal esta consideración que xa ten precedentes en dereito comparado e nos acordos preconcursais da disposición adicional cuarta que afectan os acredores de pasivos financeiros. Para iso distínguense catro clases de acredores, cada un dos cales reúne características propias que xustifican un tratamento específico no seo do concurso. En primeiro lugar, os acredores de dereito laboral; en segundo lugar, os acredores públicos; en terceiro lugar, os acredores financeiros e, finalmente, o resto (entre os cales deberán incluírse de forma principal os acredores comerciais).

A decisión adoptada polas maiorías cualificadas exixidas pódese ver como un sacrificio do acreedor que se ve arrastrado, o cal é certo, pero tamén desde un punto de vista positivo como un menor sacrificio do resto de acredores que acordan o arrastre. A amplitude das maiorías cualificadas exixidas implica necesariamente que se trate de acordos fundamentados e acordos coa realidade do concursado e dos seus acredores. Pénsese, ademais, que se o 60 ou 75 por cento dos acredores, segundo os casos, acordan para os seus créditos privilexiados determinados sacrificios que parezan imprescindibles para a viabilidade da empresa e para recobrar a maior parte posible do crédito pendente, esas medidas deberán ser tanto máis duras se o 40 ou 25 por cento restante dos acredores, respectivamente, non resultan vinculados polo acordo maioritario. Parece que o cualificado das maiorías e o feito de que cada un acordará para si mesmo o menor dos sacrificios posibles é garantía suficiente de que os acordos non se adoptarán coa finalidade de lesionar os intereses destes acredores. Esta imposibilidade de lesión vese reforzada polo establecemento das catro clases de acredores antes citadas de maneira que en ningún caso poderán imaxinarse concertacións duns acredores para prexudicar os doutra clase, especialmente os laborais ou os públicos que, pola súa natureza, merecen unha especial tutela.

Ao igual que no número 11 da disposición adicional cuarta e co fin de respectar na maior medida posible o verdadeiro valor da garantía, establécese no artigo 140 que se, chegado o caso, o acreedor con privilexio que votase a favor dun convenio ou se vise arrastrado por el ten que executar a garantía, farase co montante total obtido que non exceda o crédito orixinario. Cómpre insistir no feito de que todas as medidas introducidas nesta lei e na Lei 17/2014, respecto ao valor das garantías, teñen a súa efectividade en

relación co procedemento concursal pero non implican alteración das garantías rexistradas nin das regras establecidas para a súa execución fóra do concurso.

En quinto lugar, inclúese unha serie de modificacións para obrigar a que a información relativa tanto ao convenio como ao informe dos administradores e ás súas impugnacións sexa comunicada telematicamente aos acredores dos cales conste o seu enderezo electrónico, facilitando así un coñecemento máis rápido de determinados trámites do proceso concursal.

Adicionalmente, introdúcense determinadas especialidades en materia de insolvencia de empresas concesionarias de obras e servizos públicos, ou contratistas das administracións públicas. Na actualidade existe un gran número de empresas adjudicatarias de contratos administrativos en situación concursal. Razóns urxentes de interese público orientadas ao aseguramento e mantemento da prestación dos servizos públicos fan necesario articular solucións que permitan dar continuidade á actividade obxecto do contrato, en beneficio dos adjudicatarios, dos terceiros que se benefician da execución dos contratos administrativos e da Administración pública. Estas solucións pasan por arbitrar unha fórmula conxunta para todos os procesos concursais que implica a presentación de propostas de convenio que poidan afectar todas estas entidades. Neste sentido, razóns de axilidade e economía procesual e de consecución dunha garantía de éxito da solución concibida aconsellan a tramitación acumulada de todos os procesos concursais declarados en relación con tales entidades.

As especialidades da lexislación administrativa de contratos do sector público, tanto xeral como sectorial, e a necesaria interrelación coas formas de desenvolvemento e terminación do procedemento concursal establecidas na Lei concursal fan necesario que se estableza un réxime especial aplicable aos concursos das empresas concesionarias de obras e servizos públicos e contratistas da Administración pública, cuxa localización lexislativa debe situarse tanto na lexislación administrativa reguladora dos contratos administrativos, tanto xeral como específica, como na Lei concursal, a través dunha nova disposición adicional segunda ter que recolle as especialidades concursais na materia.

A propia Lei concursal, no seu artigo 67, remite os efectos da declaración de concurso no caso dos contratos administrativos subscritos polo debedor coas administracións públicas á súa lexislación específica. Así mesmo, débese lembrar que as competencias do xuíz do concurso e a súa preceptiva intervención no procedemento concursal deben respectar as competencias dos órganos administrativos no relativo a este tipo de contratos e os procedementos de carácter administrativo relacionados con eles.

IV

En materia de liquidación modifícanse determinados preceptos do capítulo II do título V da Lei concursal co obxecto de facilitar o desenvolvemento desta fase de procedemento concursal. Trátase, como se expuxo previamente, de garantir no posible a continuación da actividade empresarial facilitando, fundamentalmente, a venda do conxunto dos establecementos e explotacións do concursado ou de calquera outra unidade produtiva.

Así, introdúcese a subrogación «ipso iure» do adquirente nos contratos e licenzas administrativas de que sexa titular o cedente (artigo 146 bis) e arbítranse os mecanismos de exención de responsabilidade por débedas previas, salvo en determinados casos especiais que pola súa singularidade seguen merecendo unha especial tutela, como é o caso das débedas fronte á Seguridade Social ou aos traballadores.

Tamén se introducen no artigo 148 previsións adicionais respecto á cesión en pagamento ou para pagamento e unha previsión innovadora consistente en que o xuíz poida acordar a retención dun quince por cento da masa activa destinado a satisfacer futuras impugnacións. Esta previsión debería conducir a unha axilización da fase de liquidación.

O artigo 149 tamén resulta modificado. Á luz das dúbidas xurdidas, aclárase que regras deste teñen carácter supletorio e cales delas deberán aplicarse en toda liquidación, haxa ou non plan de liquidación. En particular, proponse aplicar a todas as liquidacións as novas regras de purga ou subsistencia das posibles garantías reais ás que poidan estar

suxeitos todos ou algúns dos bens incluídos nunha unidade produtiva e as regras sobre sucesión de empresa para efectos laborais e de seguridade social.

En coherencia coas modificacións introducidas no artigo 140.4, modifícase o artigo 155 para establecer que cando se executen bens ou dereitos afectos a un crédito con privilexio especial, o acredor privilexiado farase co montante total obtido que non exceda o crédito orixinario. Deste modo, non se alteran as garantías rexistradas nin as regras establecidas para a súa execución.

V

En materia de cualificación, abórdase unha modificación do artigo 167 que clarifica as dúbidas interpretativas existentes arredor do termo «clase». Este termo pode implicar, nunha interpretación estrita, unha referencia á «clasificación legal» dos respectivos créditos, nos termos establecidos nos artigos 89 a 92 da Lei concursal, de xeito que soamente cando todos e cada un dos acredores clasificados no proceso concursal da mesma maneira queden afectados polas quitacións e esperas inferiores ao que dispón o precepto, non procederá a formación da sección de cualificación. Porén, a práctica xudicial veulle dar un sentido máis xenérico, incluíndo en tal «clase» un grupo de acredores que reúnan características comúns aínda que tal grupo non comprenda todos os da mesma clasificación concursal, para os efectos do tratamento outorgable na sección de cualificación respecto a propostas de convenio non gravosas.

Tendo en conta que o artigo 94.2, na redacción dada por esta lei, incorpora unha nova definición do termo «clase» aplicable, conforme o artigo 134, aos supostos en que o convenio chegase a arrastrar acredores privilexiados e non exclusivamente os ordinarios, é imprescindible aclarar, para evitar maiores dúbidas, que a mención que se efectúa no artigo 167 debe entenderse tamén referida a esta definición, que afecta unha pluralidade de acredores beneficiados pola solución concursal o suficientemente ampla como para facer equivalente o tratamento para efectos da sección de cualificación.

Por último, introdúcense melloras técnicas en diversos artigos do título VI da Lei concursal co obxecto de aclarar a súa redacción ou axustala á do citado artigo 167.

VI

En canto aos acordos de refinanciamento, inclúese unha serie de modificacións cuxo obxecto é aclarar determinadas dúbidas que se presentaron na súa aplicación práctica.

En primeiro lugar, modifícase o artigo 5 bis para establecer que, en caso de controversia, será o xuíz do concurso quen teña a competencia para determinar se un ben é ou non necesario para a continuidade da actividade económica do concursado.

No artigo 71 bis régulase o réxime de votación no seo de acordos sindicados e na disposición adicional cuarta introdúcese unha serie de modificacións para aclarar o réxime de votación no seo de acordos sindicados e precísase, para efectos de determinar o valor razoable dos bens dados en garantía, que este non poderá exceder o valor da responsabilidade máxima hipotecaria ou pignoraticia que se pactase.

VII

A parte final desta lei consta de catro disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dez disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira aclara que as actuacións que deriven da aplicación do artigo 5 bis e da disposición adicional cuarta da Lei concursal terán a consideración de medidas de saneamento para os efectos do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo.

A disposición adicional segunda prevé a creación dun portal de acceso telemático para facilitar o alleamento de empresas que se encontren en liquidación ou das súas unidades produtivas.

A disposición adicional terceira establece a creación dunha comisión de seguimento de prácticas de refinanciamento e redución de sobreendebedamento, con funcións de verificación do cumprimento das medidas adoptadas por esta lei e de proposta ao Goberno

de modificacións normativas para facilitar a reestruturación preconcursal ou concursal de débeda de empresas economicamente viables.

A disposición adicional cuarta resolve as dúbidas interpretativas sobre a negociación dos valores emitidos por un fondo de titulización de activos dirixidos exclusivamente a investidores institucionais, que só poderán ser obxecto de negociación nun sistema multilateral de negociación en que a subscripción e negociación de valores estea restrinxida a investidores cualificados.

As disposicións transitorias primeira a terceira regulan o réxime transitorio de determinados preceptos contidos nesta lei.

A disposición transitoria cuarta determina os procedementos de execución en tramitación aos cales resultan aplicables as modificacións introducidas pola disposición derradeira terceira na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

A disposición derradeira primeira amplía, ante a súa inminente finalización, a «vacatio legis» prevista na disposición transitoria do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, respecto ao dereito de separación en caso de falta de distribución de dividendos.

A disposición derradeira segunda matiza, co obxecto de evitar interpretacións restritivas, que os créditos transmitidos á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (SAREB) se terán en consideración para efectos do cómputo das maiorías necesarias para adoptar os acordos regulados na disposición adicional cuarta da Lei concursal.

A disposición derradeira terceira modifica a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, para adaptala á recente sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 17 de xullo de 2014. Con isto, o debedor hipotecario poderá interpoñer recurso de apelación contra o auto que desestime a súa oposición á execución, se esta se fundaba na existencia dunha cláusula contractual abusiva que constituía o fundamento da execución ou a cantidade exixible.

A disposición derradeira cuarta modifica a Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social, introducindo a posibilidade de que unha porcentaxe das vivendas que integran o fondo social de vivendas se poida destinar a persoas que fosen desaloxadas das súas vivendas por falta de pagamento de préstamos non hipotecarios.

A disposición derradeira quinta modifica, pola súa vez, a disposición derradeira segunda da Lei 17/2014, do 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial.

A disposición derradeira sexta modifica determinados preceptos da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, e a disposición derradeira sétima declara de interese xeral determinadas obras de infraestruturas.

A disposición derradeira oitava autoriza o Goberno para elaborar e aprobar, nun prazo de doce meses contado desde a entrada en vigor desta lei, un texto refundido da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Por último, as disposicións derradeiras novena e décima regulan, respectivamente, os títulos competenciais e a entrada en vigor, que terá lugar o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo único. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

A Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modificacións en materia de convenio.

1. Modifícanse os ordinais 1.º e 3.º da letra c) do número 1 do artigo 33, que quedan redactados da seguinte maneira:

«c) En materia laboral:

1.º Dar cumprimento ás resolucións xudiciais que se ditasen na data da declaración de concurso en procedementos de modificación substancial das

condicións de traballo de carácter colectivo, de traslado colectivo, de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada.

3.º Intervir nos procedementos de modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo, de traslado colectivo, de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada iniciados durante o concurso e, de ser o caso, acordalos cos representantes dos traballadores.»

2. Modifícase o artigo 64, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 64. *Contratos de traballo.*

1. Os procedementos de modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo, de traslado colectivo, de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, unha vez declarado o concurso, tramítanse ante o xuíz do concurso polas regras establecidas no presente artigo.

Se na data da declaración do concurso está en tramitación un procedemento de despedimento colectivo ou de suspensión de contratos ou redución de xornada, a autoridade laboral remitirá o actuado ao xuíz do concurso. Dentro dos tres días seguintes ao de recepción do expediente, o secretario xudicial citará para comparecencia os lexitimados previstos no número seguinte para expor e xustificar, de ser o caso, a procedencia de continuar coa tramitación das medidas colectivas, conforme o previsto neste artigo. As actuacións practicadas no procedemento administrativo anterior ata a data da declaración de concurso conservarán a súa validez no procedemento que se tramite ante o xulgado.

Se na data da declaración do concurso o empresario xa lle comunicou á autoridade laboral a decisión adoptada ao abeiro do establecido nos artigos 51 ou 47 do Estatuto dos traballadores ou, de ser o caso, xa se ditou resolución administrativa que autorizase medidas de extinción, suspensión ou redución de xornada, corresponderá á administración concursal a execución de tales medidas. En todo caso, a declaración de concurso debe ser comunicada á autoridade laboral para os efectos que procedan.

2. A administración concursal, o debedor ou os traballadores da empresa concursada a través dos seus representantes legais poderán solicitar do xuíz do concurso a modificación substancial das condicións de traballo e a extinción ou suspensión colectivas dos contratos de traballo en que sexa empregador o concursado.

A representación dos traballadores na tramitación do procedemento corresponderá aos suxeitos indicados no artigo 41.4 do Estatuto dos traballadores, na orde e condicións sinalados nel. Transcorridos os prazos indicados no referido artigo sen que os traballadores designasen representantes, o xuíz poderá acordar a intervención dunha comisión dun máximo de tres membros, integrada polos sindicatos máis representativos e os representativos do sector a que a empresa pertenza.

3. A adopción das medidas previstas no número anterior só se poderá solicitar do xuíz do concurso unha vez emitido pola administración concursal o informe a que se refire o capítulo I do título IV desta lei, salvo que se considere que a demora na aplicación das medidas colectivas pretendidas pode comprometer gravemente a viabilidade futura da empresa e do emprego ou causar grave prexuízo aos traballadores. Neste caso, e con acreditación desta circunstancia, poderase realizar por petición ao xuíz en calquera momento procesual desde a declaración de concurso.

4. A solicitude deberá expor e xustificar, de ser o caso, as causas motivadoras das medidas colectivas pretendidas e os obxectivos que se propoñen alcanzar con estas para asegurar, se é o caso, a viabilidade futura da empresa e do emprego, xuntando os documentos necesarios para a súa acreditación.

A administración concursal poderá solicitar a colaboración do concursado ou o auxilio do xulgado que coide necesario para a súa comprobación.

5. Recibida a solicitude, o xuíz convocará o concursado, os representantes dos traballadores e a administración concursal a un período de consultas, cuxa duración non será superior a trinta días naturais, ou a quince, tamén naturais, no suposto de empresas que contén con menos de cincuenta traballadores.

En caso de intervención das facultades de administración e disposición do debedor, o xuíz poderá autorizar a participación do concursado no período de consultas.

Os representantes dos traballadores ou a administración concursal poderán solicitar ao xuíz a participación no período de consultas doutras persoas físicas ou xurídicas que indiciariamente poidan constituír unha unidade de empresa coa concursada. Para estes efectos, poderán solicitar o auxilio do xulgado que se considere necesario para a súa comprobación. Igualmente, para o caso de unidade empresarial, e para efectos de valorar a realidade económica do conxunto empresarial, poderase reclamar a documentación económica consolidada ou a relativa a outras empresas.

Se a medida afecta empresas de máis de cincuenta traballadores, deberáselle xuntar á solicitude un plan que prevexa a incidencia das medidas laborais propostas na viabilidade futura da empresa e do emprego.

Nos casos en que a solicitude fose formulada polo empresario ou pola administración concursal, a comunicación aos representantes legais dos traballadores do inicio do período de consultas deberá incluír copia da solicitude prevista no número 4 deste artigo e dos documentos que, de ser o caso, se xunten.

O xuíz, por instancia da administración concursal ou da representación dos traballadores, poderá acordar en calquera momento a substitución do período de consultas polo procedemento de mediación ou arbitraje que sexa de aplicación no ámbito da empresa, que se deberá desenvolver dentro do prazo máximo sinalado para tal período.

6. Durante o período de consultas, os representantes dos traballadores e a administración concursal deberán negociar de boa fe para a consecución dun acordo.

O acordo requirirá a conformidade da maioría dos representantes legais dos traballadores ou, de ser o caso, da maioría dos membros da comisión representativa dos traballadores sempre que, en ambos os casos, representen a maioría dos traballadores do centro ou centros de traballo afectados.

O acordo subscrito pola administración concursal e polos representantes dos traballadores poderá ser presentado coa solicitude, caso en que non será necesaria a apertura do período de consultas.

No acordo recollerase a identidade dos traballadores afectados e fixaranse as indemnizacións, que se axustarán ao establecido na lexislación laboral, salvo que, ponderando os intereses afectados polo concurso, se pacten de forma expresa outras superiores.

Ao finalizar o prazo sinalado ou no momento en que se alcance un acordo, a administración concursal e os representantes dos traballadores comunicarán ao xuíz do concurso o resultado do período de consultas.

Recibida a dita comunicación, o secretario xudicial solicitará un informe da autoridade laboral sobre as medidas propostas ou o acordo alcanzado, que deberá ser emitido no prazo de quince días. A autoridade laboral poderá oír a administración concursal e os representantes dos traballadores antes da súa emisión.

Recibido o informe polo xuíz do concurso ou transcorrido o prazo de emisión, seguirá o curso das actuacións. Se o informe é emitido fóra de prazo, poderá, non obstante, ser tido en conta polo xuíz do concurso ao adoptar a correspondente resolución.

7. Cumpridos os trámites ordenados nos números anteriores, o xuíz resolverá nun prazo máximo de cinco días, mediante auto, sobre as medidas propostas, e aceptará, de existir, o acordo alcanzado, salvo que na súa conclusión aprecie a

existencia de fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito. Neste caso, así como no suposto de non existir acordo, o xuíz determinará o que proceda conforme a lexislación laboral.

Se non se alcanza un acordo, o xuíz do concurso dará audiencia a aqueles que interviñeron no período de consultas, para o cal o secretario do xulgado os convocará a unha comparecencia na cal poderán formular alegacións e presentar proba documental. O xuíz poderá substituír esta comparecencia por un trámite escrito de alegacións durante tres días.

O auto, en caso de se acordar a suspensión ou extinción colectiva dos contratos de traballo, terá efectos desde a data en que se dite, salvo que nel se dispoña outra data posterior, e producirá as mesmas consecuencias que a decisión extintiva ou suspensiva adoptada polo empresario ao abeiro do establecido nos artigos 51 ou 47 do Estatuto dos traballadores ou que, de ser o caso, a resolución administrativa da autoridade laboral ditada nun expediente de regulación de emprego, para efectos do acceso dos traballadores á situación legal de desemprego.

8. Contra o auto a que se refire o número anterior, a administración concursal, o concursado, os traballadores a través dos seus representantes e o Fondo de Garantía Salarial (en diante, FOGASA) poderán interpor recurso de suplicación, así como o resto de recursos previstos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, que se tramitarán e resolverán ante os órganos xurisdiccionais da orde social, sen que ningún deles teña efectos suspensivos sobre a tramitación do concurso nin dos incidentes concursais.

As accións que os traballadores ou o FOGASA poidan exercer contra o auto en cuestións que se refiran estritamente á relación xurídica individual tramitaranse polo procedemento do incidente concursal en materia laboral. O prazo para interpor a demanda de incidente concursal é dun mes desde que o traballador coñeceu ou puido coñecer o auto do xuíz do concurso. Poderase recorrer en suplicación contra a sentenza que se dite.

9. No suposto de se acordar unha modificación substancial de carácter colectivo das previstas no artigo 41 do Estatuto dos traballadores, o dereito de rescisión de contrato con indemnización que, para tal suposto, recoñece esa norma legal quedará en suspenso durante a tramitación do concurso e co límite máximo dun ano desde que se ditase o auto xudicial que autorizou tal modificación.

A suspensión prevista no parágrafo anterior tamén será de aplicación cando se acorde un traslado colectivo que supoña mobilidade xeográfica, sempre que o novo centro de traballo se encontre na mesma provincia que o centro de traballo de orixe e a menos de 60 quilómetros deste, salvo que se acredite que o tempo mínimo de desprazamento, de ida e volta, supera o vinte e cinco por cento da duración da xornada diaria de traballo.

Tanto neste caso como nos demais supostos de modificación substancial das condicións de traballo, a improcedencia do exercicio da acción de rescisión derivada da modificación colectiva das condicións de traballo non se poderá prolongar por un período superior a doce meses, contado desde a data en que se ditou o auto xudicial que autorizou tal modificación.

10. As accións resolutorias individuais interpostas ao abeiro do artigo 50 do Estatuto dos traballadores, motivadas pola situación económica ou de insolvencia do concursado, terán a consideración de extincións de carácter colectivo, desde que se acorde a iniciación do procedemento previsto neste artigo, para a extinción dos contratos. Acordada a iniciación do procedemento previsto neste artigo, a totalidade dos procesos individuais seguidos fronte á concursada posteriores á solicitude do concurso pendente de resolución firme suspenderanse ata que adquira firmeza o auto que poña fin ao procedemento de extinción colectiva. A resolución que acorde a suspensión comunicarse á administración concursal para os efectos do recoñecemento como continxente do crédito que poida resultar da sentenza que no seu día se dite, unha vez alzada a suspensión. Igualmente, comunicarse aos

tribunais ante os cales se estean tramitando os procedementos individuais. O auto que acorde a extinción colectiva producirá efectos de cousa xulgada sobre os procesos individuais suspendidos.

11. En todo o non previsto neste artigo aplicarase a lexislación laboral e, especialmente, os representantes dos traballadores manterán cantas competencias lles atribúe esta.»

3. Modifícase o número 1.4.º e engádese un número 3 no artigo 90, nos seguintes termos:

«4.º Os créditos por contratos de arrendamento financeiro ou de compravenda con prezo aprazado de bens mobles ou inmobles, a favor dos arrendadores ou vendedores e, de ser o caso, dos financiadores, sobre os bens arrendados ou vendidos con reserva de dominio, con prohibición de dispor ou con condición resolutoria en caso de falta de pagamento.»

«3. O privilexio especial só alcanzará a parte do crédito que non exceda o valor da respectiva garantía que conste na lista de acredores, calculada de acordo co disposto no número 5 do artigo 94. O importe do crédito que exceda o recoñecido como privilexiado especial será cualificado segundo a súa natureza.»

4. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 93, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Considéranse persoas especialmente relacionadas co concursado persoa natural:

1.º O cónxuxe do concursado ou quen o fose dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso, a súa parella de feito inscrita ou as persoas que convivan con análoga relación de afectividade ou conviven habitualmente con el dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso.

2.º Os ascendentes, descendentes e irmáns do concursado ou de calquera das persoas a que se refire o número anterior.

3.º Os cónxuxes dos ascendentes, dos descendentes e dos irmáns do concursado.

4.º As persoas xurídicas controladas polo concursado ou polas persoas citadas nos números anteriores ou os seus administradores de feito ou de dereito. Presumirase que existe control cando concorran algunha das situacións previstas no artigo 42.1 do Código de comercio.

5.º As persoas xurídicas que formen parte do mesmo grupo de empresas que as previstas no número anterior.

6.º As persoas xurídicas das cales as persoas descritas nos números anteriores sexan administradores de feito ou de dereito.

2. Considéranse persoas especialmente relacionadas co concursado persoa xurídica:

1.º Os socios que conforme a lei sexan persoal e ilimitadamente responsables das débedas sociais e aqueloutros que, no momento do nacemento do dereito de crédito, sexan titulares directa ou indirectamente de, ao menos, un 5 por cento do capital social, se a sociedade declarada en concurso ten valores admitidos a negociación en mercado secundario oficial, ou un 10 por cento se non os ten. Cando os socios sexan persoas naturais, consideraranse tamén persoas especialmente relacionadas coa persoa xurídica concursada as persoas que o sexan cos socios conforme o disposto no número anterior.

2.º Os administradores, de dereito ou de feito, os liquidadores do concursado persoa xurídica e os apoderados con poderes xerais da empresa, así como aqueles que o fosen dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso.

Os acredores que capitalizasen directa ou indirectamente todo ou parte dos seus créditos en cumprimento dun acordo de refinanciamento adoptado de conformidade co artigo 71 bis ou coa disposición adicional cuarta, dun acordo extraxudicial de pagamentos ou dun convenio concursal, e aínda que asumisen cargos na administración do debedor por razón da capitalización, non terán a consideración de persoas especialmente relacionadas co concursado para os efectos da cualificación dos créditos que posúan contra o debedor como consecuencia do refinanciamento que lle outorgasen en virtude do dito acordo ou convenio. Tampouco terán a consideración de administradores de feito os acredores que subscribisen un acordo de refinanciamento, convenio concursal ou acordo extraxudicial de pagamentos polas obrigacións que asuma o debedor en relación co plan de viabilidade, salvo que se probase a existencia dalgunha circunstancia que puidese xustificar esta condición.

3.º As sociedades que formen parte do mesmo grupo que a sociedade declarada en concurso e os seus socios comúns, sempre que estes reúnan as mesmas condicións que no ordinal 1.º deste número.»

5. Modifícase o número 2 e engádese un número 5 no artigo 94, coa seguinte redacción:

«2. A relación dos acredores incluídos expresará a identidade de cada un deles, a causa, a contía por principal e por xuros, as datas de orixe e vencemento dos créditos recoñecidos de que for titular, as súas garantías persoais ou reais e a súa cualificación xurídica, e indicará, de ser o caso, o seu carácter de litixiosos, condicionais ou pendentes da excusión previa do patrimonio do debedor principal. Os acredores con privilexio xeral ou especial respectivamente deberán estar incluídos nas seguintes clases:

1.º Laborais, entendéndose por tales os acredores de dereito laboral. Quedan excluídos os vinculados pola relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección no que exceda a contía prevista no artigo 91.1.º. Para estes efectos terán igualmente consideración de acredores de dereito laboral os traballadores autónomos economicamente dependentes en contía que non exceda a prevista no artigo 91.1.º

2.º Públicos, entendéndose por tales os acredores de dereito público.

3.º Financeiros, entendéndose por tales os titulares de calquera endebedamento financeiro con independencia de que estean ou non sometidos a supervisión financeira.

4.º Resto de acredores, entre os cales se incluírán os acredores por operacións comerciais e o resto de acredores non incluídos nas categorías anteriores.

Faranse constar expresamente, se as houber, as diferenzas entre a comunicación e o recoñecemento e as consecuencias da falta de comunicación oportuna.

Cando o concursado sexa persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, relacionaranse separadamente os créditos que só se poden facer efectivos sobre o seu patrimonio privativo e os que se poden facer efectivos tamén sobre o patrimonio común.»

«5. Para os efectos do artigo 90.3, expresarase o valor das garantías constituídas en aseguramento dos créditos que gocen de privilexio especial. Para a súa determinación deduciranse, dos nove décimos do valor razoable do ben ou dereito sobre o cal estea constituída a garantía, as débedas pendentes que gocen de garantía preferente sobre o mesmo ben, sen que en ningún caso o valor da garantía poida ser inferior a cero, nin superior ao valor do crédito privilexiado nin ao valor da responsabilidade máxima hipotecaria ou pignoraticia que se pactase.

Para estes exclusivos efectos enténdese por valor razoable:

a) En caso de valores mobiliarios que coticen nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado ou de instrumentos do mercado monetario, o prezo medio ponderado a que fosen negociados nun ou varios mercados regulados no último trimestre anterior á data de declaración de concurso, de conformidade coa certificación emitida pola sociedade reitora do mercado secundario oficial ou do mercado regulado de que se trate.

b) En caso de bens inmoables, o resultante de informe emitido por unha sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España.

c) En caso de bens ou dereitos distintos dos sinalados nas letras anteriores, o resultante de informe emitido por experto independente de conformidade cos principios e coas normas de valoración xeralmente recoñecidos para eses bens.

Os informes previstos nas letras b) e c) non serán necesarios cando o dito valor fose determinado, para bens inmoables, por unha sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España dentro dos doce meses anteriores á data de declaración de concurso ou, para bens distintos dos inmoables, por un experto independente, dentro dos seis meses anteriores á data de declaración do concurso. Tampouco serán necesarios cando se trate de efectivo, contas correntes, diñeiro electrónico ou imposicións a prazo fixo.

Os bens ou dereitos sobre os cales estean constituídas as garantías, que estean denominados en moeda distinta ao euro, converteranse ao euro aplicando o tipo de cambio da data da valoración, entendido como o tipo de cambio medio de contado.

De concorreren novas circunstancias que poidan modificar significativamente o valor razoable dos bens, deberase presentar un novo informe dunha sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España ou dun experto independente, segundo proceda.

O informe previsto na letra b), cando se refira a vivendas terminadas, poderase substituír por unha valoración actualizada sempre que entre a data da última valoración dispoñible e a data da valoración actualizada non transcorresen máis de seis anos. A valoración actualizada obterase como resultado de aplicar ao último valor de taxación dispoñible, realizado por unha sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España, a variación acumulada observada no valor razoable dos inmoables situados na mesma zona e con similares características desde a emisión da última taxación á data de valoración.

No suposto de non se dispor de información sobre a variación no valor razoable proporcionado por unha sociedade de taxación ou se non se considera representativa, poderase actualizar o último valor dispoñible coa variación acumulada do prezo da vivenda establecido polo Instituto Nacional de Estatística para a comunidade autónoma en que se sitúe o inmovible, diferenciando entre se é vivenda nova ou de segunda man, e sempre que entre a data da última valoración dispoñible e a data da valoración actualizada non transcorresen máis de tres anos.

O custo dos informes ou valoracións será liquidado con cargo á masa e deducido da retribución da administración concursal salvo que o acredor afectado solicítase un informe de valoración contradictorio, que deberá emitirse pola súa conta. Tamén se emitirá pola súa conta o informe cando o acredor afectado invoque a concurrencia de circunstancias que fagan necesaria unha nova valoración.

No caso de que a garantía a favor dun mesmo acredor recaia sobre varios bens, sumarase a resultante de aplicar sobre cada un dos bens a regra prevista no primeiro parágrafo deste número, sen que o valor conxunto das garantías poida tampouco exceder o valor do crédito do acredor correspondente.

En caso de garantía constituída en pro indiviso a favor de dous ou máis acredores, o valor da garantía correspondente a cada acredor será o resultante de

aplicar ao valor total do privilexio especial a proporción que nel corresponda a cada un deles, segundo as normas e acordos que rexan o pro indiviso.»

6. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 95, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. A administración concursal, cunha antelación mínima de dez días previos á presentación do informe ao xuíz, dirixirá comunicación electrónica ao debedor e aos acredores que comuniquen os seus créditos e dos cales conste o seu enderezo electrónico, para informalos do proxecto de inventario e da lista de acredores, estean ou non incluídos nela. A mesma comunicación se publicará no Rexistro Público Concursal. Os acredores poderán solicitar á administración concursal, igualmente por medios electrónicos, ata tres días antes da presentación do informe ao xuíz, que se rectifique calquera erro ou que complementen os datos comunicados. A administración concursal dirixirá igualmente por medios electrónicos unha relación das solicitudes de rectificación ou complemento presentadas ao debedor e aos acredores, a cal será tamén publicada no Rexistro Público Concursal.

2. A presentación ao xuíz do informe da administración concursal e da documentación complementaria notificaráselles a aqueles que fosen parte no concurso no domicilio sinalado para efectos de notificacións e publicárase no Rexistro Público Concursal e no taboleiro de anuncios do xulgado. Ademais, a administración concursal comunicará telematicamente o informe aos acredores de cuxo enderezo electrónico se teña coñecemento.»

7. Modifícase o número 5 e engádese un número 6 ao artigo 96, nos seguintes termos:

«5. As impugnacións substanciaranse polos trámites do incidente concursal. O xuíz poderá de oficio acumulalas para resolvelas conxuntamente. Dentro dos cinco días seguintes ao da notificación da última sentenza resolutoria das impugnacións, a administración concursal introducirá no inventario, na lista de acredores e na exposición motivada do seu informe as modificacións que, de ser o caso, procedan e presentará ao xuíz os textos definitivos correspondentes. Faranse constar expresamente as diferenzas entre o inventario e a lista de acredores inicialmente presentados e os textos definitivos, así como relación das comunicacións posteriores presentadas e as modificacións incluídas e outra actualizada dos créditos contra a masa devindicados, pagados e pendentes de pagamento, con expresión dos vencementos respectivos, todo o cal quedará de manifesto na secretaría do xulgado. No momento da presentación ao xuíz do informe coas modificacións e da relación de créditos contra a masa, a administración concursal comunicará telematicamente estes documentos aos acredores de cuxo enderezo electrónico se teña coñecemento.

6. Todas as impugnacións se deberán facer constar, inmediatamente despois da súa presentación, no Rexistro Público Concursal. Igualmente, dentro dos cinco días seguintes a aquel en que rematase o prazo de impugnación publicárase no dito rexistro unha relación das impugnacións presentadas e das pretensións deducidas en cada unha delas.»

8. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 100, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. A proposta de convenio deberá conter proposicións de quitación ou de espera, e poderá acumular ambas.

2. A proposta de convenio poderá conter, ademais de quitacións ou esperas, proposicións alternativas ou adicionais para todos ou para algúns dos acredores ou clases de acredores, con excepción dos acredores públicos. Entre as proposicións poderanse incluír as ofertas de conversión do crédito en accións, participacións ou

cotas sociais, obrigacións convertibles, créditos subordinados, en créditos participativos, en préstamos con xuros capitalizables ou en calquera outro instrumento financeiro de rango, vencemento ou características distintas da débeda orixinal.

En caso de conversión do crédito en accións ou participacións, o acordo de aumento de capital do debedor necesario para a capitalización de créditos deberá ser subscrito pola maioría prevista, respectivamente, para as sociedades de responsabilidade limitada e anónimas nos artigos 198 e 201.1 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo. Para efectos do artigo 301.1 do citado texto refundido da Lei de sociedades de capital, entenderase que os pasivos son líquidos, están vencidos e son exixibles.

Tamén se poderán incluír na proposta de convenio proposicións de alleamento, ben do conxunto de bens e dereitos do concursado afectos á súa actividade empresarial ou profesional ou de determinadas unidades produtivas a favor dunha persoa natural ou xurídica determinada, que se rexerán polo disposto no artigo 146 bis.

As proposicións incluírán necesariamente a asunción polo adquirente da continuidade da actividade empresarial ou profesional propia das unidades produtivas que afecte. Nestes casos, deberán ser oídos os representantes legais dos traballadores.

3. En ningún caso a proposta poderá consistir na liquidación global do patrimonio do concursado para satisfacción das súas débedas, nin na alteración da clasificación de créditos establecida pola lei, nin da contía destes fixada no procedemento, sen prexuízo das quitacións que se poidan acordar e da posibilidade de fusión, escisión ou cesión global de activo e pasivo da persoa xurídica concursada.

Só se poderá incluír a cesión en pagamento de bens ou dereitos aos acredores sempre que os bens ou dereitos cedidos non resulten necesarios para a continuación da actividade profesional ou empresarial e que o seu valor razoable, calculado conforme o disposto no artigo 94, sexa igual ou inferior ao crédito que se extingue. De ser superior, a diferenza deberase integrar na masa activa. Se se trata de bens afectos a garantía, será de aplicación o disposto polo artigo 155.4.

En ningún caso se impondrá a cesión en pagamento aos acredores públicos.»

9. Suprímese o número 2 do artigo 104.

10. Modifícase o número 2 do artigo 107, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A administración concursal avaliará o contido da proposta de convenio en atención ao plan de pagamentos e, de ser o caso, ao plan de viabilidade que a acompañen. Se a avaliación for favorable, unirase ao informe da administración concursal. Se for desfavorable ou contiver reservas, presentárase no máis breve prazo ao xuíz, quen poderá deixar sen efecto a admisión da proposta anticipada ou a continuación da súa tramitación con unión do escrito de avaliación ao referido informe. A administración concursal comunicará de forma telemática o informe desfavorable ou con reservas aos acredores de cuxo enderezo electrónico se teña coñecemento. Contra o auto que resolva sobre estes aspectos non caberá ningún recurso.»

11. Modifícase o artigo 110, que queda redactado como segue:

«Artigo 110. *Mantemento ou modificación de propostas non aprobadas.*

1. Se non procede a aprobación anticipada do convenio, o xuíz requirirá de inmediato o debedor para que, en prazo de tres días, manifeste se solicita a apertura da fase de convenio ou desexa solicitar a liquidación. Na fase de convenio, o debedor poderá manter ou modificar a proposta anticipada de convenio ou formular outra nova.

2. De se manter a proposta anticipada de convenio, os acredores adheridos a ela teranse por presentes na xunta para efectos de quórum e as súas adhesións

contaranse como votos a favor para o cómputo do resultado da votación, a non ser que asistan á xunta de acredores ou que, con anterioridade á súa realización, conste en autos a revogación da súa adhesión.»

12. Modifícase o número 2 do artigo 115, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os escritos de avaliación emitidos antes da presentación do informe da administración concursal uníranse a este, conforme o número 2 do artigo 75, e os emitidos con posterioridade poranse de manifesto na oficina xudicial desde o día da súa presentación e serán comunicados pola administración concursal de forma telemática aos acredores de cuxo enderezo electrónico se teña coñecemento.»

13. Modifícase o número 4 do artigo 116, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. A xunta entenderase constituída coa concorrencia de acredores que titulen créditos por importe, ao menos, da metade do pasivo ordinario do concurso ou, na súa falta, cando concorran acredores que representen, ao menos, a metade do pasivo do concurso que poida resultar afectado polo convenio, excluídos os acredores subordinados.»

14. Engádesse un parágrafo final ao número 4 do artigo 121, nos seguintes termos:

«En caso de acordos que, tras a declaración do concurso, sigan suxeitos a un réxime ou pacto de sindicación, entenderase que os acredores votan a favor do convenio cando voten ao seu favor os que representen, polo menos, o 75 por cento do pasivo afectado polo acordo en réxime de sindicación, salvo que as normas que regulan a sindicación establezan unha maioría inferior, caso en que será de aplicación esta última. Esta previsión aplicarase para o cómputo das maiorías necesarias para a aprobación do convenio e para a extensión dos seus efectos a acredores non participantes ou disidentes.»

15. Modifícase o número 1 do artigo 122, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Non terán dereito de voto na xunta os titulares de créditos subordinados incluídas, en particular, as persoas especialmente relacionadas que adquirisen o seu crédito por actos entre vivos despois da declaración de concurso.»

16. Suprímese o número 1 do artigo 123, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 123. *Acredores privilexiados.*

1. O voto dun acredor privilexiado a favor dunha proposta producirá, no caso de que sexa aceptada pola xunta e de que o xuíz aprobe o correspondente convenio, os efectos que resulten do contido deste respecto do seu crédito e privilexio.

2. O voto dun acredor que, asemade, sexa titular de créditos privilexiados e ordinarios presumirase emitido en relación con estes últimos e só afectará os privilexiados se así se manifestase expresamente no acto de votación.»

17. Dáse nova redacción ao artigo 124, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 124. *Mayorías necesarias para a aceptación de propostas de convenio.*

1. Para que unha proposta de convenio se considere aceptada pola xunta serán necesarias as seguintes maiorías:

a) O 50 por cento do pasivo ordinario, cando a proposta de convenio conteña quitacións iguais ou inferiores á metade do importe do crédito; esperas, xa sexan de principal, de xuros ou de calquera outra cantidade debida, cun prazo non superior a cinco anos; ou, no caso de acredores distintos dos públicos ou dos laborais, a conversión de débeda en préstamos participativos durante o mesmo prazo.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando a proposta consista no pagamento íntegro dos créditos ordinarios en prazo non superior a tres anos ou no pagamento inmediato dos créditos ordinarios vencidos con quitación inferior ao vinte por cento, será suficiente que vote ao seu favor unha porción do pasivo superior á que vote en contra. Para estes efectos, nos supostos de proposta anticipada e de tramitación escrita, os acredores deberán, de ser o caso, manifestar o seu voto en contra cos mesmos requisitos previstos para as adhesións no artigo 103 e nos prazos, segundo sexa o caso, dos artigos 108 e 115 bis.

b) O 65 por cento do pasivo ordinario, cando a proposta de convenio conteña esperas cun prazo de máis de cinco anos, pero en ningún caso superior a dez; quitacións superiores á metade do importe do crédito e, no caso de acredores distintos dos públicos ou dos laborais, a conversión de débeda en préstamos participativos polo mesmo prazo e as demais medidas previstas no artigo 100.

2. Para efectos do cómputo das maiorías previstas no número anterior, considéranse incluídos no pasivo ordinario do concurso os acredores privilexiados que voten a favor da proposta.

3. A aprobación do convenio implicará a extensión dos seus efectos aos acredores ordinarios e subordinados que non votasen a favor, sen prexuízo do disposto no artigo 134. De non se alcanzaren as maiorías exixidas entenderase que o convenio sometido a votación queda rexeitado.»

18. Modifícase o número 2 do artigo 133, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Desde a eficacia do convenio cesarán todos os efectos da declaración de concurso, que quedarán substituídos polos que, de ser o caso, se establezan no propio convenio, salvo os deberes de colaboración e información establecidos no artigo 42, que subsistirán ata a conclusión do procedemento.

A administración concursal renderá contas da súa actuación ante o xuíz do concurso, dentro do prazo que este sinala. O informe de rendición de contas será remitido mediante comunicación telemática aos acredores de cuxo enderezo electrónico teña coñecemento a administración concursal.»

19. Engádese un número 3 ao artigo 134, nos seguintes termos:

«3. Sen prexuízo do disposto no número anterior, os acredores privilexiados quedarán tamén vinculados ao convenio cando concorran as seguintes maiorías de acredores da súa mesma clase, segundo definición do artigo 94.2:

- a) Do 60 por cento, cando se trate das medidas establecidas no artigo 124.1.a).
- b) Do 75 por cento, cando se trate das medidas establecidas no artigo 124.1.b).

No caso de acredores con privilexio especial, o cómputo das maiorías farase en función da proporción das garantías aceptantes sobre o valor total das garantías outorgadas dentro de cada clase.

No caso dos acredores con privilexio xeral, o cómputo realizarase en función do pasivo aceptante sobre o total do pasivo que se beneficie de privilexio xeral dentro de cada clase.»

20. O número 4 do artigo 140 queda redactado nos seguintes termos:

«4. A declaración de incumprimento do convenio suporá a resolución deste e a desaparición dos efectos sobre os créditos a que se refire o artigo 136.

Non obstante o anterior, se o incumprimento afecta acredores con privilexio especial que quedasen vinculados ao convenio por aplicación do disposto no artigo 134.3 ou que se adherisen voluntariamente a el, poderán iniciar ou continuar a execución separada da garantía desde a declaración de incumprimento e con independencia do eventual inicio da fase de liquidación. Neste caso, o acredor

executante fará seu o montante resultante da execución en cantidade que non exceda a débeda orixinaria. O resto, se o houber, corresponderá á masa activa do concurso.»

21. Introdúcese unha disposición adicional segunda ter nos seguintes termos:

«Disposición adicional segunda ter. *Réxime especial aplicable ás situacións de insolvencia das empresas concesionarias de obras e servizos públicos, ou contratistas das administracións públicas.*

Nos concursos de empresas concesionarias de obras e servizos públicos ou contratistas das administracións públicas aplicaranse as especialidades establecidas na lexislación de contratos do sector público e na lexislación específica reguladora de cada tipo de contrato administrativo.

Así mesmo, nestes concursos acordarase a acumulación dos procesos concursais xa iniciados cando se formulen propostas de convenio que afecten todos eles. As propostas de convenio poderán ser presentadas polas administracións públicas, incluídos os organismos, entidades e sociedades mercantís vinculadas ou dependentes delas. Poderase condicionar a aprobación da proposta de convenio presentada en cada un dos procedementos concursais á aprobación das propostas de convenio presentadas nos restantes procedementos concursais acumulados segundo o establecido nesta disposición.

A competencia para a tramitación dos concursos acumulados a que se refire esta disposición regularase conforme o artigo 25 bis.3 da presente lei.»

Dous. Modificacións en materia de liquidación.

1. Suprímese o último parágrafo do número 3 (engadido polo Real decreto lei 11/2014, do 5 de setembro) e engádese un número 4 ao artigo 43, que queda redactado da seguinte maneira:

«4. No caso de transmisión de unidades produtivas de bens ou servizos pertencentes ao concursado aplicarase o disposto polos artigos 146 bis e 149.»

2. Engádese un ordinal 5.º ao número 2 do artigo 75, nos seguintes termos:

«5.º Valoración da empresa no seu conxunto e das unidades produtivas que a integran baixo a hipótese de continuidade das operacións e liquidación.»

3. Engádese un artigo 146 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 146 bis. *Especialidades da transmisión de unidades produtivas.*

1. En caso de transmisión de unidades produtivas, cederanse ao adquirente os dereitos e obrigacións derivados de contratos afectos á continuidade da actividade profesional ou empresarial cuxa resolución non fose solicitada. O adquirente subrogarase na posición contractual da concursada sen necesidade de consentimento da outra parte. A cesión de contratos administrativos producirase de conformidade co disposto polo artigo 226 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. Tamén se cederán aquelas licenzas ou autorizacións administrativas afectas á continuidade da actividade empresarial ou profesional e incluídas como parte da unidade produtiva, sempre que o adquirente continuase a actividade nas mesmas instalacións.

3. O disposto nos dous números anteriores non será aplicable a aquelas licenzas, autorizacións ou contratos en que o adquirente manifestase expresamente a súa intención de non subrogarse. Isto sen prexuízo, para os efectos laborais, da aplicación do disposto no artigo 44 do Estatuto dos traballadores nos supostos de sucesión de empresa.

4. A transmisión non suporá a obrigaón de pagamento dos créditos non satisfeitos polo concursado antes da transmisión, xa sexan concursais ou contra a masa, salvo que o adquirente a asumise expresamente ou existise disposición legal en contrario e sen prexuízo do disposto no artigo 149.4.

A exclusión descrita no parágrafo anterior non se aplicará cando os adquirentes das unidades produtivas sexan persoas especialmente relacionadas co concursado.»

4. Engádense os números 5, 6 e 7 ao artigo 148 co seguinte contido:

«5. Salvo para os acredores públicos, no plan de liquidación poderase prever a cesión de bens ou dereitos en pagamento ou para pagamento dos créditos concursais, coas limitacións e o alcance previsto, respecto aos bens afectos a unha garantía, no número 4 do artigo 155.

6. O xuíz, de oficio ou por instancia de parte, poderá ordenar a consignación na conta do xulgado de ata un 15 por cento do que se obteña en cada un dos alleamentos dos bens e dereitos que integran a masa activa ou dos pagamentos en efectivo que se realicen con cargo a ela. Este montante utilizarase para facer fronte ás cantidades que resulten a deber a determinados acredores, conforme os pronunciamentos xudiciais que se emitan nos recursos de apelación que se poidan interpor fronte a actos de liquidación. Esa cantidade liberarase cando os recursos de apelación fosen resoltos ou cando o prazo para a súa interposición expirase. A parte do remanente que quedase libre tras a resolución ou expiración do prazo de interposición dos recursos será asignada de acordo coa orde de prelación legalmente establecida, tendo en conta a parte de créditos que xa fosen satisfeitos.

7. No caso de persoas xurídicas, o administrador concursal, unha vez aprobado o plan de liquidación, deberá remitir, para a súa publicación no portal de liquidacións concursais do Rexistro Público Concursal, canta información resulte necesaria para facilitar o seu alleamento.

En particular, remitirase información sobre a forma xurídica da empresa, sector a que pertence, ámbito de actuación, tempo durante o cal estivo en funcionamento, volume de negocio, tamaño de balance, número de empregados, inventario dos activos máis relevantes da empresa, contratos vixentes con terceiros, licenzas e autorizacións administrativas vixentes, pasivos da empresa, procesos xudiciais, administrativos, arbitrais ou de mediación en que estea incurso e aspectos laborais relevantes.»

5. Modifícase o artigo 149, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 149. *Reglas legais de liquidación.*

1. De non se aprobar un plan de liquidación e, de ser o caso, no que non previse o aprobado, as operacións de liquidación axustaranse ás seguintes regras supletorias:

1.^a O conxunto dos establecementos, explotacións e calquera outra unidade produtiva de bens ou de servizos pertencentes ao debedor allearase como un todo, salvo que, logo de informe da administración concursal, o xuíz considere máis conveniente para os intereses do concurso a súa división previa ou a realización illada de todos os elementos compoñentes ou só dalgúns deles.

O alleamento do conxunto ou, de ser o caso, de cada unidade produtiva farase mediante poxa. Non obstante, o xuíz poderá acordar a realización a través de alleamento directo ou a través de persoa ou entidade especializada cando a poxa quede deserta ou cando, á vista do informe da administración concursal, considere que é a forma máis idónea para salvagardar os intereses do concurso. A transmisión mediante entidade especializada realizarase con cargo ás retribucións da administración concursal.

As resolucións que o xuíz adopte nestes casos deberán ser ditadas logo de audiencia, polo prazo de quince días, dos representantes dos traballadores e cumprindo, de ser o caso, o previsto no número 4 do artigo 148. Estas resolucións revestirán a forma de auto e contra elas non caberá ningún recurso.

2.^a No caso de que as operacións de liquidación supoñan a modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo, incluídos os traslados colectivos e a suspensión ou extinción colectivas das relacións laborais, aplicarase o disposto no artigo 64.

3.^a Malia o previsto na regra 1.^a, entre ofertas cuxo prezo non difira en máis do 15 por cento da inferior, o xuíz poderá acordar a adxudicación a esta cando considere que garante en maior medida a continuidade da empresa ou, de ser o caso, das unidades produtivas, e dos postos de traballo, así como a mellor satisfacción dos créditos dos acredores.

2. Os bens a que se refire a regra 1.^a do número anterior, así como os demais bens e dereitos do concursado allearanse, segundo a súa natureza, conforme as previsións contidas no plan de liquidación e, na súa falta, nas disposicións establecidas na Lei de axuízamento civil para o procedemento de constrinximento.

Para os bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial aplicarase o disposto no artigo 155.4. Se estes bens están incluídos nos establecementos, explotacións e calquera outra unidade produtiva de bens ou de servizos pertencentes ao debedor que se alleen en conxunto, aplicaranse, en todo caso, as seguintes regras:

a) Se se transmiten sen subsistencia da garantía, corresponderá aos acredores privilexiados a parte proporcional do prezo obtido equivalente ao valor que o ben ou dereito sobre o cal se constituíu a garantía supoña respecto ao valor global da empresa ou unidade produtiva transmitida.

Se o prezo que se vaia percibir non alcanza o valor da garantía, calculado conforme o disposto no artigo 94, será necesario que manifesten a súa conformidade á transmisión os acredores con privilexio especial que teñan dereito de execución separada, que representen ao menos o 75 por cento do pasivo desta natureza afectado pola transmisión e que pertencen á mesma clase, segundo determinación do artigo 94.2. En tal caso, a parte do valor da garantía que non quede satisfeita terá a cualificación crediticia que lle corresponda segundo a súa natureza.

Se o prezo que se vai percibir for igual ou superior ao valor da garantía, non será preciso o consentimento dos acredores privilexiados afectados.

b) Se se transmiten con subsistencia da garantía, subrogándose o adquirente na obrigaición do debedor, non será necesario o consentimento do acredor privilexiado, e quedará excluído o crédito da masa pasiva. O xuíz velará para que o adquirente teña a solvencia económica e os medios necesarios para asumir a obrigaición que se transmite.

Por excepción, non terá lugar a subrogación do adquirente a pesar de que subsista a garantía, cando se trate de créditos tributarios e de seguridade social.

3. En caso de alleamento do conxunto da empresa ou de determinadas unidades produtivas dela mediante poxa, fixarase un prazo para a presentación de ofertas de compra da empresa, que deberán incluír unha partida relativa aos gastos realizados pola empresa declarada en concurso para a conservación en funcionamento da actividade ata a adxudicación definitiva, así como a seguinte información:

a) Identificación do oferente, información sobre a súa solvencia económica e sobre os medios humanos e técnicos á súa disposición.

b) Designación precisa dos bens, dereitos, contratos e licenzas ou autorizacións incluídos na oferta.

c) Prezo ofrecido, modalidades de pagamento e garantías achegadas. En caso de se transmitiren bens ou dereitos afectos a créditos con privilexio especial,

deberase distinguir na oferta entre o prezo que se ofrecería con subsistencia ou sen subsistencia das garantías.

d) Incidencia da oferta sobre os traballadores.

Se a transmisión se realiza mediante alleamento directo, o adquirente deberá incluír na súa oferta o contido descrito neste número.

4. Cando, como consecuencia do alleamento a que se refire a regra 1.^a do número 1, unha entidade económica manteña a súa identidade, entendida como un conxunto de medios organizados co fin de levar a cabo unha actividade económica esencial ou accesoria, considerárase, para os efectos laborais e de Seguridade Social, que existe sucesión de empresa. En tal caso, o xuíz poderá acordar que o adquirente non se subroga na parte da contía dos salarios ou indemnizacións pendentes de pagamento anteriores ao alleamento que sexa asumida polo Fondo de Garantía Salarial, de conformidade co artigo 33 do Estatuto dos traballadores. Igualmente, para asegurar a viabilidade futura da actividade e o mantemento do emprego, o cesionario e os representantes dos traballadores poderán subscribir acordos para a modificación das condicións colectivas de traballo.

5. No auto de aprobación do remate ou da transmisión dos bens ou dereitos realizados, xa sexa de forma separada, por lotes ou formando parte dunha empresa ou unidade produtiva, o xuíz acordará a cancelación de todas as cargas anteriores ao concurso constituídas a favor de créditos concursais, salvo as que gocen de privilexio especial conforme o artigo 90 e se transmitisen ao adquirente con subsistencia do gravame.»

6. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 152, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Cada tres meses contados a partir da apertura da fase de liquidación, a administración concursal presentará ao xuíz do concurso un informe sobre o estado das operacións, que detallará e cuantificará os créditos contra a masa devindados e pendentes de pagamento, con indicación dos seus vencementos. Este informe quedará de manifesto na oficina xudicial e será comunicado pola administración concursal de forma telemática aos acredores de cuxo enderezo electrónico se teña coñecemento. O incumprimento desta obrigaón poderá determinar a responsabilidade prevista nos artigos 36 e 37.

2. Dentro do mes seguinte á conclusión da liquidación da masa activa e, se está en tramitación a sección sexta, dentro do mes seguinte á notificación da sentenza de cualificación, a administración concursal presentará ao xuíz do concurso un informe final xustificativo das operacións realizadas e razoará inescusablemente que non existen accións viables de reintegración da masa activa nin de responsabilidade de terceiros pendentes de seren exercidas nin outros bens ou dereitos do concursado. Non impedirá a conclusión que o debedor manteña a propiedade de bens legalmente inembargables ou desprovistos de valor de mercado ou cuxo custo de realización sería manifestamente desproporcionado respecto do seu previsible valor venal.

Tamén incluírá unha completa rendición de contas, conforme o disposto nesta lei. A administración concursal xuntará ese informe mediante comunicación telemática aos acredores de cuxo enderezo electrónico se teña coñecemento.»

7. Modifícase o artigo 155, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O pagamento dos créditos con privilexio especial farase con cargo aos bens e dereitos afectos, xa sexan obxecto de execución separada ou colectiva.

2. Non obstante o disposto no número anterior, mentres non transcorran os prazos sinalados no número 1 do artigo 56 ou subsista a suspensión da execución iniciada antes da declaración de concurso, conforme o número 2 do mesmo artigo, a administración concursal poderá comunicar aos titulares destes créditos con

privilexio especial que opta por atender o seu pagamento con cargo á masa e sen realización dos bens e dereitos afectos. Comunicada esta opción, a administración concursal deberá satisfacer de inmediato a totalidade dos prazos de amortización e xuros vencidos e asumirá a obrigaón de atender os sucesivos como créditos contra a masa e en contía que non exceda o valor da garantía, calculado de conformidade co disposto polo artigo 94. En caso de incumprimento, realizaranse os bens e dereitos afectos para satisfacer os créditos con privilexio especial conforme o disposto no número 5.

3. Cando se teña que proceder dentro do concurso, mesmo antes da fase de liquidación, ao alleamento de bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial, o xuíz, por solicitude da administración concursal e logo de audiencia dos interesados, poderá autorizala con subsistencia do gravame e con subrogación do adquirente na obrigaón do debedor, que quedará excluída da masa pasiva. De non a autorizar nestes termos, o prezo obtido no alleamento destinarase ao pagamento do crédito con privilexio especial conforme o disposto no número 5 e, de quedar remanente, ao pagamento dos demais créditos.

Se un mesmo ben ou dereito se encontra afecto a máis dun crédito con privilexio especial, os pagamentos realizaranse conforme a prioridade temporal que para cada crédito resulte do cumprimento dos requisitos e formalidades previstos na súa lexislación específica para a súa opoñibilidade a terceiros. A prioridade para o pagamento dos créditos con hipoteca legal tácita será a que resulte da regulación desta.

4. A realización en calquera estado do concurso dos bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial farase en poxa salvo que, por solicitude da administración concursal ou do acredor con privilexio especial dentro do convenio, o xuíz autorice a venda directa ou a cesión en pagamento ou para o pagamento ao acredor privilexiado ou á persoa que el designe, sempre que con isto quede completamente satisfeito o privilexio especial ou, de ser o caso, quede o resto do crédito recoñecido dentro do concurso coa cualificación que corresponda.

Se a realización se efectúa fóra do convenio, o oferente deberá satisfacer un prezo superior ao mínimo que se pactase e con pagamento ao contado, salvo que o concursado e o acredor con privilexio especial manifestasen de forma expresa a aceptación por un prezo inferior, sempre e cando tales realizaciónes se efectúen a valor de mercado segundo taxación oficial actualizada por entidade homologada para o caso de bens inmoables e valoración por entidade especializada para bens moables.

A autorización xudicial e as súas condicións anunciaranse coa mesma publicidade que corresponda á poxa do ben e dereito afecto e, se dentro dos dez días seguintes ao último dos anuncios se presenta mellor ofertante, o xuíz abrirá licitación entre todos os oferentes e acordará a fianza que deban prestar.

5. Nos supostos de realización de bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial previstos neste artigo, o acredor privilexiado fará seu o montante resultante da realización en cantidade que non exceda a débeda orixinaria. O resto, se o houber, corresponderá á masa activa do concurso.»

8. Engádese un novo número 7 ao artigo 191, coa seguinte redacción:

«7. No caso de transmisión de unidades produtivas, teranse en conta as especialidades previstas nos artigos 146 bis e 149.»

9. Engádese un novo número 4 ao artigo 191 ter, coa seguinte redacción:

«4. No caso de transmisión de unidades produtivas, teranse en conta as especialidades previstas nos artigos 146 bis e 149.»

Tres. Modificacións en materia de cualificación.

1. Modifícase o número 1 do artigo 164, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O concurso cualificarase como culpable cando na xeración ou agravación do estado de insolvencia mediase dolo ou culpa grave do debedor ou, se os ten, dos

seus representantes legais e, en caso de persoa xurídica, dos seus administradores ou liquidadores, de feito e de dereito, apoderados xerais, de quen tivese calquera destas condicións dentro dos dous anos anteriores á data de declaración do concurso, así como dos seus socios conforme o disposto no artigo 165.2.»

2. Modifícase o artigo 165, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 165. *Presuncións de culpabilidade.*

1. O concurso presúmese culpable, salvo proba en contrario, cando o debedor ou, de ser o caso, os seus representantes legais, administradores ou liquidadores:

1.º Incumprisen o deber de solicitar a declaración do concurso.

2.º Incumprisen o deber de colaboración co xuíz do concurso e a administración concursal ou non lles facilitasen a información necesaria ou conveniente para o interese do concurso ou non asistisen, por si ou por medio de apoderado, á xunta de acredores, sempre que a súa participación fose determinante para a adopción do convenio.

3.º Se o debedor estaba obrigado legalmente a levar a contabilidade e non formulou as contas anuais, non as someteu a auditoría, debendo facelo ou, unha vez aprobadas, non as depositou no Rexistro Mercantil ou no rexistro correspondente, nalgún dos tres últimos exercicios anteriores á declaración de concurso.

2. O concurso presúmese culpable, salvo proba en contrario, cando os socios ou administradores se negasen sen causa razoable á capitalización de créditos ou a unha emisión de valores ou instrumentos convertibles e iso frustrase a consecución dun acordo de refinanciamento dos previstos no artigo 71 bis.1 ou na disposición adicional cuarta ou dun acordo extraxudicial de pagamentos. Para estes efectos, presumirase que a capitalización obedece a unha causa razoable cando así o declare mediante informe emitido, con anterioridade á negativa do debedor, un experto independente nomeado de conformidade co disposto polo artigo 71 bis.4. De haber máis dun informe, deberán coincidir en tal apreciación a maioría dos informes emitidos.

En todo caso, para que a negativa á súa aprobación determine a culpabilidade do concurso, o acordo proposto deberá recoñecer en favor dos socios do debedor un dereito de adquisición preferente sobre as accións, participacións, valores ou instrumentos convertibles subscritos polos acredores, a resultas da capitalización ou emisión proposta, en caso de alleamento ulterior destes. Non obstante, o acordo proposto poderá excluír o dereito de adquisición preferente nas transmisións realizadas polo acredor a unha sociedade do seu mesmo grupo ou a calquera entidade, que teña por obxecto a tenza e administración de participacións no capital doutras entidades con tal de que sexa do seu grupo ou que estea participada polo acredor. En calquera caso, entenderase por alleamento o realizado en favor dun terceiro polo propio acredor ou polas sociedades ou entidades a que se refire o inciso anterior.»

3. Modifícase o artigo 167, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A formación da sección sexta ordenarase na mesma resolución xudicial pola cal se aprobe o convenio, o plan de liquidación ou se ordene a liquidación conforme as normas legais supletorias.

Como excepción ao establecido no número anterior, non procederá a formación da sección de cualificación do concurso cando teña lugar a aprobación xudicial dun convenio en que se estableza, para todos os acredores ou para os dunha ou varias clases, entendendo igualmente por tales as establecidas no artigo 94.2, unha quitación inferior a un terzo do importe dos seus créditos ou unha espera inferior a tres anos, salvo que resulte incumplido.

A sección encabezarase con testemuño da resolución xudicial e incorporaranse a ela testemuños da solicitude de declaración de concurso, a documentación presentada polo debedor, o auto de declaración de concurso e o informe da administración.

2. En caso de reapertura da sección de cualificación por incumprimento de convenio, procederase do seguinte modo, para os efectos de determinar as causas do incumprimento e as responsabilidades que procederen:

1.º Se se dita auto de arquivamento ou sentenza de cualificación, na mesma resolución xudicial que acorde a apertura da liquidación por razón do incumprimento do convenio ordenarase a reapertura da sección, con incorporación a ela das actuacións anteriores e da propia resolución.

2.º Noutro caso, a referida resolución xudicial ordenará a formación dunha peza separada dentro da sección de cualificación que estea aberta, para a súa tramitación de forma autónoma e conforme as normas establecidas neste capítulo que lle sexan de aplicación.»

4. Modifícase o número 2.1.º do artigo 172, que queda redactado nos seguintes termos:

«1.º A determinación das persoas afectadas pola cualificación, así como, de ser o caso, a das declaradas cómplices. En caso de persoa xurídica, poderán ser considerados persoas afectadas pola cualificación os administradores ou liquidadores, de feito ou de dereito, apoderados xerais, e quen tivese calquera destas condicións dentro dos dous anos anteriores á data da declaración de concurso, así como os socios que se negasen sen causa razoable a capitalización de créditos ou a unha emisión de valores ou instrumentos convertibles nos termos previstos no artigo 165.2, en función do seu grao de contribución á formación da maioría necesaria para o rexeitamento do acordo. Se algunha das persoas afectadas o fose como administrador ou liquidador de feito, a sentenza deberá motivar a atribución desa condición.

A presunción contida no artigo 165.2 non resultará de aplicación aos administradores que recomendasen a recapitalización baseada en causa razoable, mesmo cando esta fose posteriormente rexeitada polos socios.»

Catro. Modificacións en materia de acordos de refinanciamento.

1. Modifícase o número 4 do artigo 5 bis, que queda redactado da seguinte maneira:

«4. Desde a presentación da comunicación non se poderán iniciar execucións xudiciais ou extraxudiciais de bens ou dereitos que resulten necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor, ata que se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) Se formalice o acordo de refinanciamento previsto no artigo 71 bis.1;
- b) se dite a providencia que admita a trámite a solicitude de homologación xudicial do acordo de refinanciamento;
- c) se adopte o acordo extraxudicial de pagamentos;
- d) se obtivesen as adhesións necesarias para a admisión a trámite dunha proposta anticipada de convenio;
- e) ou teña lugar a declaración de concurso.

Na súa comunicación o debedor indicará que execucións se seguen contra o seu patrimonio e cales delas recaen sobre bens que considere necesarios para a continuidade da súa actividade profesional ou empresarial, que se farán constar no decreto polo cal o secretario xudicial teña por efectuada a comunicación do expediente. En caso de controversia sobre o carácter necesario do ben poderase recorrer contra aquel decreto ante o xuíz competente para coñecer do concurso.

As execucións dos ditos bens que estean en tramitación serán suspendidas polo xuíz que estea coñecendo delas coa presentación da resolución do secretario xudicial que dea constancia da comunicación. As limitacións previstas no primeiro parágrafo do presente número quedarán levantadas se o xuíz competente para coñecer do concurso resolve que os bens ou dereitos afectados pola execución non son necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial e, en todo caso, unha vez transcorridos os prazos previstos no número seguinte.

Tampouco se poderán iniciar ou, de ser o caso, quedarán suspendidas as execucións singulares, xudiciais ou extraxudiciais, promovidas polos acredores de pasivos financeiros a que se refire a disposición adicional cuarta sobre calquera outro ben ou dereito do patrimonio do debedor sempre que se acredite documentalmente que unha porcentaxe non inferior ao 51 por cento de pasivos financeiros apoiou expresamente o inicio das negociacións encamiñadas á subscripción do acordo de refinanciamento e comprometeuse a non iniciar ou continuar execucións individuais fronte ao debedor mentres se negocia.

O disposto nos catro parágrafos anteriores non impedirá que os acredores con garantía real exerzan a acción real fronte aos bens e dereitos sobre os cales recaía a súa garantía sen prexuízo de que, unha vez iniciado o procedemento, quede paralizado mentres non se realizase algunha das actuacións previstas no primeiro parágrafo deste número ou transcorrese o prazo previsto no seguinte número.

Quedan, en todo caso, excluídos das previsións contidas neste número os procedementos de execución que teñan por obxecto facer efectivos créditos de dereito público.»

2. Modifícase o número 6 do artigo 71, que queda redactado nos seguintes termos:

«6. O exercicio das accións rescisorias non impedirá o doutras accións de impugnación de actos do debedor que procedan conforme dereito, as cales se poderán exercer ante o xuíz do concurso, conforme as normas de lexitimación e procedemento que para aquelas contén o artigo 72.»
3. Modifícase o ordinal 1.º do número 1.b) do artigo 71 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«1.º O acordo fose subscrito por acredores cuxos créditos representen ao menos tres quintos do pasivo do debedor na data de adopción do acordo de refinanciamento. Para os efectos do cómputo desa maioría de pasivo entenderase que, nos acordos suxeitos a un réxime ou pacto de sindicación, a totalidade dos acredores suxeitos a ese acordo subscriben o acordo de refinanciamento cando voten ao seu favor os que representen ao menos o 75 por cento do pasivo afectado polo acordo de sindicación, salvo que as normas que regulan a sindicación establezan unha maioría inferior, caso en que será de aplicación esta última.

No caso de acordos de grupo, a porcentaxe sinalada calcularase tanto en base individual, en relación con todas e cada unha das sociedades afectadas, como en base consolidada, en relación cos créditos de cada grupo ou subgrupo afectados e excluindo en ambos os casos do cómputo do pasivo os préstamos e créditos concedidos por sociedades do grupo.»
4. Modifícanse os números 1 e 2 da disposición adicional cuarta, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Poderase homologar xudicialmente o acordo de refinanciamento que, tendo sido subscrito por acredores que representen ao menos o 51 por cento dos pasivos financeiros, reúna no momento da súa adopción as condicións previstas na letra a) e nos ordinais 2.º e 3.º da letra b) do número 1 do artigo 71 bis. Os acordos adoptados pola maioría descrita non poderán ser obxecto de rescisión conforme o disposto no número 13. Para estender os seus efectos serán necesarias as maiorías exixidas nos números seguintes.

Non se terán en conta, para efectos do cómputo das maiorías indicadas nesta disposición, os pasivos financeiros titularidade de acredores que teñan a consideración de persoa especialmente relacionada conforme o número 2 do artigo 93 que, non obstante, poderán quedar afectados pola homologación prevista nesta disposición adicional.

Para os efectos desta disposición, terán a consideración de acredores de pasivos financeiros os titulares de calquera endebedamento financeiro con independencia de que estean ou non sometidos a supervisión financeira. Quedan excluídos de tal concepto os acredores por créditos laborais, os acredores por operacións comerciais e os acredores de pasivos de dereito público.

En caso de acordos suxeitos a un réxime ou pacto de sindicación, entenderase que a totalidade dos acredores suxeitos a ese acordo subscriben o acordo de refinanciamento cando voten ao seu favor os que representen ao menos o 75 por cento do pasivo afectado polo acordo de sindicación, salvo que as normas que regulan a sindicación establezan unha maioría inferior, caso en que será de aplicación esta última.

Poderanse adherir voluntariamente ao acordo de refinanciamento homologado os demais acredores que non o sexan de pasivos financeiros nin de pasivos de dereito público. Estas adhesións non se terán en conta para efectos do cómputo das maiorías previstas nesta disposición.

2. Para os efectos da presente disposición entenderase por valor da garantía real de que goce cada acredor o resultante de deducir, dos nove décimos do valor razoable do ben ou dereito sobre o cal estea constituída a dita garantía, as débedas pendentes que gocen de garantía preferente sobre o mesmo ben, sen que en ningún caso o valor da garantía poida ser inferior a cero nin superior ao valor do crédito do acredor correspondente nin ao valor da responsabilidade máxima hipotecaria ou pignoraticia que se pactase.

Para estes exclusivos efectos, enténdese por valor razoable:

a) En caso de valores mobiliarios que coticen nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado ou de instrumentos do mercado monetario, o prezo medio ponderado a que fosen negociados nun ou varios mercados regulados no último trimestre anterior á data de inicio das negociacións para alcanzar o acordo de refinanciamento, de conformidade coa certificación emitida pola sociedade reitora do mercado secundario oficial ou do mercado regulado de que se trate.

b) En caso de bens inmoables, o resultante de informe emitido por unha sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España.

c) En caso de bens distintos dos sinalados nas letras anteriores, o resultante de informe emitido por un experto independente de conformidade cos principios e coas normas de valoración xeralmente recoñecidos para eses bens.

Os informes previstos nas letras b) e c) non serán necesarios cando o dito valor fose determinado por un experto independente, dentro dos seis meses anteriores á data de inicio das negociacións para alcanzar o acordo de refinanciamento nin cando se trate de efectivo, contas correntes, diñeiro electrónico ou imposicións a prazo fixo.

De concorreren novas circunstancias que poidan modificar significativamente o valor razoable dos bens, deberase presentar novo informe dun experto independente.

A designación do experto independente nos supostos previstos neste número realizarase de conformidade co artigo 71 bis.4.

No caso de que a garantía a favor dun mesmo acredor recaia sobre varios bens, sumarase a resultante de aplicar sobre cada un dos bens a regra do parágrafo primeiro, sen que o valor conxunto das garantías poida tampouco exceder o valor do crédito do acredor correspondente.

En caso de garantía constituída en pro indiviso a favor de dous ou máis acredores, o valor da garantía correspondente a cada acredor será o resultante de aplicar ao valor total da garantía a proporción que nela corresponda a cada un deles, segundo as normas e acordos que rexan o pro indiviso, sen prexuízo das normas que, de ser o caso, resulten de aplicación aos acordos sindicados.»

Disposición adicional primeira. *Medidas de saneamento e procedementos de insolvencia en situacións preconcursais.*

Para os efectos do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, as actuacións que deriven da aplicación do artigo 5 bis e da disposición adicional cuarta da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, terán a consideración de medidas de saneamento. Serán de aplicación a estas actuacións os mesmos efectos que establece para a apertura de concurso o capítulo II do título I do dito Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo.

Para os efectos da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, as actuacións que deriven da aplicación do artigo 5 bis e da disposición adicional cuarta da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, terán a consideración de procedementos de insolvencia. Serán de aplicación a estas actuacións os efectos previstos no capítulo IV da dita Lei 41/1999, do 12 de novembro.

Disposición adicional segunda. *Establecemento dun portal de acceso telemático.*

No prazo de nove meses creárase no Rexistro Público Concursal un portal de acceso telemático en que figurará unha relación das empresas en fase de liquidación concursal e canta información resulte necesaria para facilitar o alleamento do conxunto dos establecementos e explotacións ou unidades produtivas.

Disposición adicional terceira. *Comisión de seguimento de prácticas de refinanciamento e redución de sobreendebedamento.*

1. Créase a comisión de seguimento de prácticas de refinanciamento e concursais.
2. A comisión estará integrada polos seguintes membros permanentes:
 - a) Dous nomeados polo Ministerio de Economía e Competitividade, un dos cales asumirá a presidencia.
 - b) Dous nomeados polo Ministerio de Xustiza, un dos cales asumirá as funcións de secretaría.
 - c) Un nomeado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
 - d) Un nomeado polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social.
 - e) Un nomeado polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
 - f) Un nomeado polo Banco de España.
 - g) Un xuíz nomeado polo Consello Xeral do Poder Xudicial.
3. O presidente da comisión, en atención ás materias que se traten nas reunións, requirirá, por propia iniciativa ou por solicitude de calquera dos membros da comisión, a intervención de representantes doutros departamentos ministeriais que poidan resultar interesados, dos sectores que se vexan afectados polas medidas ou doutras persoas que, en atención aos seus coñecementos técnicos ou á súa representatividade no ámbito laboral, se coide procedente. En particular, o presidente solicitará ás organizacións sindicais e empresariais de ámbito nacional máis representativas que designen, respectivamente, dous representantes, que serán convocados cando se vaian tratar asuntos que afecten o ámbito laboral.
4. A comisión terá atribuídas as seguintes funcións:
 - a) Realizar un seguimento da efectividade das medidas adoptadas por esta lei en materia concursal e de refinanciamento preconcursal de débeda e sobre a evolución do endebedamento do sector privado e as súas implicacións macroeconómicas.

b) Avaliar a súa aplicación e, de ser o caso, propor ao Goberno as reformas que resulte conveniente acometer para facilitar a reestruturación preconcursal ou concursal de débeda de empresas economicamente viables.

c) Verificar o cumprimento dos códigos de boas prácticas que se poidan adoptar en materia de refinanciamento preconcursal de débedas.

5. A comisión de seguimento determinará as súas normas de funcionamento e reunirse cada vez que sexa convocada polo seu presidente, por propia iniciativa ou por instancia de catro dos seus membros. Estará, así mesmo, facultada para establecer o seu propio réxime de convocatorias.

6. A comisión poderá solicitar, directamente ou a través dalgún dos seus membros, a información relativa a acordos de refinanciamento e reestruturación concursais e procesos concursais que considere necesaria para o adecuado exercicio desta función.

7. Con periodicidade anual, a comisión elaborará un informe sobre o resultado do exercicio das súas funcións que deberá remitirse ao Goberno e á Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados.

Disposición adicional cuarta. Negociación en sistemas multilaterais de negociación dos fondos de titulación de activos dirixidos a investidores institucionais.

Cando os valores emitidos por un fondo de titulación de activos se dirixan exclusivamente a investidores institucionais, a súa transmisión só se poderá realizar entre investidores pertencentes á dita categoría, e só poderán ser obxecto de negociación nun sistema multilateral de negociación en que a subscripción e negociación de valores estea restrinxida a investidores cualificados.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio aplicable aos procedementos concursais en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei.

1. O disposto nos números 1 e 3 do punto catro do artigo único será de aplicación ás negociacións previstas no artigo 5 bis que non conclúsen ou nas cales non transcorre o prazo de tres meses desde a súa comunicación ao xulgado.

2. O disposto nos números 3, 4, 5, 8, 9, 15, 16, 17, 19 e 20 do punto un e nos números 2 e 5 do punto dous do artigo único será de aplicación aos procedementos concursais en tramitación en que non se presentase o texto definitivo do informe da administración concursal.

3. O disposto no número 7 do punto un do artigo único será de aplicación aos procedementos en que non se iniciase o prazo para impugnación do inventario e da lista de acredores.

4. O disposto nos números 13 e 14 do punto un do artigo único e no número 3 do punto tres do artigo único será de aplicación a todos os procedementos concursais en tramitación en que non se votase unha proposta de convenio.

5. O disposto nos números 1, 2 e 4 do punto tres do artigo único será de aplicación aos procedementos concursais en tramitación en que non se formase a sección sexta.

6. O disposto nos números 1, 3, 4, 6, 8 e 9 do punto dous do artigo único será de aplicación aos procedementos concursais en tramitación en que non se iniciase a fase de liquidación.

7. O previsto no número 7 do punto dous será de aplicación aos procedementos concursais que se encontren en tramitación.

8. O disposto no número 21 do punto un do artigo único resultará de aplicación a todos os contratos administrativos que non se extinguisen, calquera que sexa a súa data de adxudicación, con independencia da fase en que se achen os procedementos concursais.

Igualmente, o disposto no número 19 do punto un do artigo único será aplicable aos procedementos concursais a que se refire o parágrafo anterior en que non se abra a fase de liquidación.

Cando nos procedementos a que se refire este número preclúse o prazo legalmente establecido para presentar proposta de convenio pero aínda non se abre a fase de liquidación, ou se iniciase o cómputo do dito prazo, o xuíz do concurso ditará resolución en que concederá novo prazo para presentar propostas de convenio.

Disposición transitoria segunda. *Limitación á homologación xudicial.*

Aos debedores que subscribisen acordos de refinanciamento homologados xudicialmente durante o ano anterior á entrada en vigor desta lei non lles será de aplicación a limitación dun ano prevista no número 12 da disposición adicional cuarta da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, para solicitar unha nova homologación xudicial.

Disposición transitoria terceira. *Réxime dos convenios concursais.*

1. Os convenios concursais aprobados en aplicación da normativa que derroga esta lei deberanse cumprir integramente.

2. En caso de incumprimento nos dous anos seguintes á entrada en vigor desta lei, o debedor ou os acredores que representen ao menos o 30 por cento do pasivo total existente ao tempo do incumprimento, calculado conforme o texto definitivo do informe da administración concursal, poderán solicitar a modificación do convenio con aplicación das medidas introducidas por esta lei. Á solicitude deberáselle xuntar unha proposta de modificación, así como un plan de viabilidade.

Mentres se encontre en trámite unha modificación do convenio, conforme esta disposición, ningún acredor poderá instar a declaración de incumprimento, nos termos dos artigos 140 e 142 da Lei concursal. Así mesmo, iniciado este procedemento de modificación, quedarían en suspensión as declaracións de incumprimento previamente solicitadas.

3. Da solicitude darase traslado, segundo os casos, ao debedor e aos acredores que non a formulasen para que no prazo de dez días manifesten se aceptan ou se opoñen á modificación proposta.

O debedor ou acredores propoñentes, xunto á súa solicitude de modificación do convenio, ou os non propoñentes, dentro dos cinco días seguintes ao traslado da proposta de modificación, poderán presentar ao xulgado escrito de oposición á valoración contida no texto definitivo do informe da administración concursal, indicando a contía actual e demais modificacións acaecidas respecto dos créditos subsistentes e solicitando a suspensión do prazo para manifestar a súa aceptación ou oposición á modificación proposta. Ao escrito de oposición deberáselle xuntar os documentos xustificativos da súa pretensión, incluídos, no caso de garantías reais, os previstos no artigo 94.5 da Lei concursal.

O xuíz acordará a suspensión do prazo para aceptar e tramitará a oposición consonte o previsto para o incidente concursal. En caso de que se presenten varios escritos de oposición, o xuíz do concurso poderaos acumular e tramitar conxuntamente.

Contra a sentenza que dite o xuíz mediante a cal fixe o valor actual do crédito de que se trate non caberá ningún recurso. Na sentenza o xuíz acordará alzar a suspensión do prazo para manifestar a súa aceptación ou oposición á modificación de convenio proposta.

Para entenderse aceptada a modificación, deberán adherirse os acredores que representen as seguintes maiorías de pasivo calculadas consonte a lista definitiva de acredores modificada, de ser o caso, conforme o disposto neste número:

a) No caso de acredores ordinarios:

1.º O 60 por cento para adoptar as medidas previstas no artigo 124.1.a).

2.º O 75 por cento para adoptar as medidas previstas no artigo 124.1.b).

b) No caso de acredores privilexiados:

1.º O 65 por cento do pasivo de cada clase prevista polo artigo 94.2 para a modificación das medidas previstas na letra a).1.º anterior.

2.º O 80 por cento do pasivo de cada clase prevista polo artigo 94.2, para a modificación das medidas previstas na letra a).2.º anterior.

O cómputo das anteriores maiorías calcularase de conformidade co disposto no número 3 do artigo 134.

4. O xuíz ditará sentenza pola cal aprobe ou denegue a modificación do convenio no prazo de dez días. Só poderá aprobar a modificación cando as medidas propostas garantan a viabilidade do concursado.

Se se aproba a modificación, os seus efectos estenderanse aos acredores con créditos privilexiados ou ordinarios que non se manifestasen a favor dela e aos acredores subordinados. Se se denega, declarará o incumprimento do convenio cos efectos do artigo 140 da Lei concursal.

5. O previsto nesta disposición non será aplicable aos acredores públicos, que quedarán excluídos do cómputo e das maiorías previstas neste precepto.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio nos procedementos de execución.*

1. As modificacións da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, introducidas pola disposición derradeira terceira da presente lei serán de aplicación aos procedementos de execución iniciados no momento da súa entrada en vigor que non culminasen coa posta en posesión do inmovible ao adquirente, conforme o previsto no artigo 675 da Lei de axuizamento civil.

2. Nos procedementos de execución en curso antes da entrada en vigor do Real decreto lei 11/2014, do 5 de setembro, de medidas urxentes en materia concursal, nos que se ditase o auto desestimatorio a que se refire o parágrafo primeiro do número 4 do artigo 695 da Lei de axuizamento civil, na redacción dada polo citado real decreto lei, que non culminasen coa posta en posesión do inmovible, as partes executadas disporán dun novo prazo preclusivo de dous meses para formular recurso de apelación baseado na existencia das causas de oposición previstas no ordinal 7.º do artigo 557.1 e no ordinal 4.º do artigo 695.1 da Lei de axuizamento civil. Ese prazo computarase desde o día seguinte á entrada en vigor desta lei.

3. A publicidade da presente disposición terá o carácter de comunicación plena e válida para os efectos de notificación e cómputo dos prazos previstos no seu número 2, e non será necesario, en ningún caso, ditar resolución expresa para o efecto.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.*

Un. Modifícase o número 2 do artigo 285 da Lei de sociedades de capital, que queda coa seguinte redacción:

«2. Como excepción ao establecido no número anterior, salvo disposición contraria dos estatutos, o órgano de administración será competente para cambiar o domicilio social dentro do territorio nacional.»

Dous. A disposición transitoria do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, queda redactada nos seguintes termos:

«Suspéndese, ata o 31 de decembro de 2016, a aplicación do disposto no artigo 348 bis desta lei.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.*

Engádesse unha nova letra k) ao artigo 36.4 da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, coa seguinte redacción:

«k) Os créditos transmitidos á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria teranse en conta, para efectos do cómputo das maiorías indicadas na disposición adicional cuarta da Lei concursal, mesmo cando a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria teña a consideración de persoa especialmente relacionada co debedor conforme o número 2 do artigo 93 da Lei concursal.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.*

O número 4 do artigo 695 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, queda redactado nos seguintes termos:

«4. Contra o auto que ordene o sobresemento da execución, a inaplicación dunha cláusula abusiva ou a desestimación da oposición pola causa prevista no número 1.4.º anterior, poderase interpor recurso de apelación.

Fóra destes casos, os autos que decidan a oposición a que se refire este artigo non serán susceptibles de ningún recurso e os seus efectos circunscribiranse exclusivamente ao proceso de execución en que se diten.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social.*

Modifícase a disposición adicional primeira da Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional primeira. *Fondo social de vivendas.*

1. Encoméndaselle ao Goberno que promova co sector financeiro a constitución dun fondo social de vivendas propiedade das entidades de crédito destinado a ofrecer cobertura a aquelas persoas que fosen desaloxadas da súa vivenda habitual polo non pagamento dun préstamo hipotecario cando concorran as circunstancias previstas no artigo 1 desta lei. Este fondo social de vivendas terá por obxectivo facilitar o acceso a estas persoas a contratos de arrendamento con rendas asumibles en función dos ingresos que perciban.

2. O ámbito de cobertura do fondo social de vivendas poderase ampliar a persoas que se encontren en circunstancias de vulnerabilidade social distintas ás previstas no artigo 1 desta lei.

3. Un cinco por cento das vivendas que integren o fondo poderase destinar a persoas que, sendo propietarias da súa vivenda habitual e reunindo as circunstancias previstas nos números anteriores, fosen desaloxadas por falta de pagamento de préstamos non hipotecarios.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 17/2014, do 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial.*

Modifícase a disposición derradeira segunda da Lei 17/2014, do 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial, que queda redactada como segue:

«Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos que conclúan a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 4/2014, do 7 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial, introdúcese as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. Engádesse un parágrafo ao final do número 1 do artigo 15, coa seguinte redacción:

«As operacións de aumento de capital por compensación de créditos valoraranse fiscalmente polo importe do dito aumento desde o punto de vista mercantil, con independencia de cal sexa a valoración contable.»

Dous. Modifícase a letra b) do número 2 do artigo 15, que queda redactada da seguinte forma:

«b) Os achegados a entidades e os valores recibidos en contraprestación, salvo no suposto previsto no último parágrafo do número anterior.»

Tres. Modifícase o primeiro parágrafo do número 3 do artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Nos supostos previstos nas letras a), b), c) e d), a entidade transmitente integrará na súa base imponible a diferenza entre o valor normal de mercado dos elementos transmitidos e o seu valor contable. Non obstante, no suposto de aumento de capital por compensación de créditos, a entidade transmitente integrará na súa base imponible a diferenza entre o importe do aumento de capital, na proporción que lle corresponda, e o valor fiscal do crédito capitalizado.»

Catro. Engádesse un número 14 ao artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«14. O ingreso correspondente ao rexistro contable de quitacións e esperas consecuencia da aplicación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, imputarase na base imponible do debedor a medida que proceda rexistrar con posterioridade gastos financeiros derivados da mesma débeda e ata o límite do citado ingreso.

Non obstante, no suposto de que o importe do ingreso a que se refire o parágrafo anterior sexa superior ao importe total de gastos financeiros pendentes de rexistrar, derivados da mesma débeda, a imputación daquel na base imponible realizarase proporcionalmente aos gastos financeiros rexistrados en cada período impositivo respecto dos gastos financeiros totais pendentes de rexistrar derivados da mesma débeda.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima.*

Un. Proponse engadir dous novos parágrafos ao número 3 do artigo 69 da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, coa seguinte redacción:

«A inscrición do buque en construción poderase efectuar presentando copia certificada da súa matrícula ou asento, expedida polo comandante de mariña da provincia en que estea matriculado ou en virtude de calquera dos documentos do artigo 73.

Para este efecto, o dono presentará no Rexistro unha solicitude, xunto coa certificación expedida polo construtor, en que conste o estado de construción do

buque, lonxitude da súa quilla e demais dimensións da nave, tonelaxe e desprazamentos probables, calidade do buque, lugar de construción e expresión dos materiais que se teñan que empregar nel, custo de casco e plano do mesmo buque.»

Dous. Modifícase o artigo 109 da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, nos seguintes termos:

«Artigo 109. *Forma do contrato.*

O contrato de construción naval deberá constar por escrito e para a súa inscrición no Rexistro de Bens Mobles deberase elevar a escritura pública ou formalizarse calquera dos outros documentos previstos no artigo 73.»

Tres. Modifícase o artigo 118 da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, nos seguintes termos:

«Artigo 118. *Forma, adquisición da propiedade e eficacia fronte a terceiros.*

1. O contrato de compravenda de buque constará por escrito.
2. O comprador adquire a propiedade do buque mediante a súa entrega.
3. Para que produza efecto fronte a terceiros, deberá inscribirse no Rexistro de Bens Mobles e formalizarse en escritura pública ou en calquera dos outros documentos previstos no artigo 73.
4. Nos supostos en que as partes pretendan elevar o contrato a escritura pública ou outorgalo en calquera dos outros documentos previstos no artigo 73, con carácter previo á súa protocolización, o notario ou cónsul deberá obter do Rexistro de Bens Mobles a oportuna información sobre a situación de dominio e cargas, na forma e polos medios que regulamentariamente se establezan.»

Catro. Modifícase o artigo 128 da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, nos seguintes termos:

«Artigo 128. *Constitución da hipoteca.*

Para que a hipoteca naval quede validamente constituída poderá ser outorgada en escritura pública, en póliza intervida por notario ou en documento privado, e deberá inscribirse no Rexistro de Bens Mobles.»

Disposición derradeira sétima. *Declaración de interese xeral de obras de melloras de infraestruturas rurais e doutras infraestruturas.*

Decláranse de interese xeral as obras de melloras de infraestruturas rurais, así como a realización doutras infraestruturas.

Obras de mellora de infraestruturas rurais en:

Castilla y León:

- Mellora de accesos ao Valle de Caderechas (Burgos).
- Mellora do camiño de Brandilanes a Moveros de Alite (Zamora).
- Mellora do camiño de Matilla de Arzón a Poblatura del Valle (Zamora).

Cataluña:

- Mellora de camiños na provincia de Lleida. Termos municipais: Bassella, Castellserà, Sant Guim de Freixenet, Sant Ramon.

Outras infraestruturas.

Obras de camiños naturais en:

Andalucía:

- Camiño natural de Lucainena de las Torres-Aguamarga (Almería).
- Camiño natural de Guadix-Almendricos (Almería).

Aragón:

- Camiño natural de Teruel-Utrillas-Zaragoza.

Balears:

- Acondicionamento e mellora do Camí de Cavalls. Fase IV (Menorca).

Canarias:

- Camiño natural perimetral de Lanzarote.
- Camiño natural perimetral de Fuerteventura.

Castilla-La Mancha:

- Adecuación de camiños de acceso ao camino natural de La Jara (Toledo).
- Camiño natural das zonas húmidas de La Mancha (Toledo, Ciudad Real e Cuenca).

Castilla y León:

- Camiño natural Ruta da Conquista (León).
- Camiño natural do FC Segovia-Medina del Campo. Tramo Segovia-Olmedo. Fase III (Segovia e Valladolid).
- Camiño natural de enlace do Románico Palentino e a Senda do Douro (tramo Tren Burra-Palencia).

Comunidade Valenciana:

- Camiño natural do Turia-Cabriel. Tramo Siete Aguas-Cabriel (Valencia)
- Camiño natural do antigo FC entre Alcira e Benifairó (Valencia)

Extremadura:

- Mellora do camiño natural do Guadiana (Badajoz).

Rexión de Murcia:

- Recuperación do trazado no camiño natural do Noroeste (Murcia).

Navarra:

- Camiño natural do Plazaola-vertente sur do Pireneo.

Varias comunidades autónomas:

- Camiño natural do ferrocarril Vasco-Navarro (Araba e Navarra).
- Camiño natural do Cantábrico (Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco).
- Camiño natural Ruta da Prata (Castilla y León e Extremadura).
- Camiño natural de Santander-Mediterráneo (Castilla y León e Aragón).
- Camiño natural do antigo trazado ferroviario Puente Genil-Baeza-Utiel (Castilla-La Mancha e Andalucía).
- Camiño natural da Cañada Real Soriana Occidental (Castilla y León e Extremadura).
- Camiño natural do Xúcar (Castilla-La Mancha e Comunidade Valenciana).
- Camiño natural do Matarraña-Algars (Aragón e Cataluña).

Por outro lado, propóñense de interese xeral as obras de mantemento dos camiños naturais promovidos e executados polo ministerio.

Disposición derradeira oitava. *Habilitación para aprobar un texto refundido da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

Para o efecto de consolidar nun texto único as modificacións incorporadas desde a súa entrada en vigor á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, autorízase o Goberno para elaborar e aprobar, por proposta dos ministros de Xustiza e de Economía e Competitividade, nun prazo de doce meses contado desde a entrada en vigor desta lei, un texto refundido da citada norma. Esta autorización inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que deban ser refundidos.

Disposición derradeira novena. *Título competencial.*

1. A modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, contida no artigo único desta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil e de lexislación procesual, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas.

2. As disposicións adicionais primeira a cuarta dítanse ao abeiro do artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a, que atribúen ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil, de ordenación de crédito, banca e seguros e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

3. As demais modificacións de textos legais contidas nas disposicións derradeiras primeira a quinta da presente lei ampáranse no título competencial establecido na norma obxecto de modificación.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 25 de maio de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY